«Es más —advierde el hematólogo— ya se están probando CAR-T para reparar tejidos, como la eliminación de la fibrosis que se produce tras un infarto y recuperar la función cardíaca. Esto ya se ha demostrado en experimentación animal».

Otra línea de investigación es la dirigida al envejecimiento. «Ya se están haciendo CAR-T —dice— que son capaces de eliminar las células envejecidas y eliminar lo que llamamos senescencia o proceso de envejecimiento».

También se está planteando la posibilidad de que sea el propio organismo el que fabrique el medicamento —sin necesidad de una extracción y posterior transfusión de sangre con las células reprogramadas— mediante la introducción de ARN mensajero encapsulado en nanopartículas.

■ DECEMBRO

4 (xoves), ás 19.00 horas.

MÁIS ALÁ DOS SENTIDOS. A CONSCIENCIA COMO PREDICIÓN DO FUTURO.

Conferencia impartida polo doutor Carlos ACUÑA CASTROVIEJO, académico numerario de Fisioloxía e vicepresidente da RAMG.

Presentación da sesión e do conferenciante polo doutor Luis FERRER I BALSEBRE, académico numerario de Psiquiatría e bibliotecario da RAMG.



- ▶ O Dr. Luis Ferrer i Balsebre, académico numerario de Psiquiatría e bibliotecario da RAMG, realizando a presentación do conferenciante, o Dr. Carlos Acuña Castroviejo.



- ▶ O Dr. Carlos Acuña Castroviejo, académico numerario de Fisioloxía e vicepresidente da RAMG, impartindo a súa conferencia.

11 (xoves), ás 19.00 horas.

INVESTIGACIÓN CUALITATIVA EN SAÚDE: A CIENCIA DAS PALABRAS.

Conferencia impartida pola profesora María Jesús MOVILLA FERNÁNDEZ, enfermeira, antropóloga social do grupo de investigación Grincar-UDC e exvicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Presentación da sesión e da conferenciante polo doutor Sergio SANTOS DEL RIEGO, académico correspondente e director da UDC Saudable.




► De esquerda a dereita: Dr. Carlos Acuña Castroviejo, vicepresidente da RAMG; Dr. Julio Abalde Alonso, subdelegado do Goberno na Coruña; Dr. Francisco Martelo Villar, presidente da RAMG; Prof. M.^a Jesús Movila Fernández; Dr. Alberto Juffé Stein, secretario xeral da RAMG, e Dr. Sergio Santos del Riego, académico correspondente e director da UDC Saudable.

■ **MARZO**

**18 (martes). Real Academia Nacional de Medicina.
X ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA S. M. O REI FELIPE VI.**

13.10 horas. Discurso do presidente da RAMG.



► Dres. Francisco Martelo Villar e Eduardo Díaz Rubio, presidente da RAMG e presidente da RAMN.

■ **SETEMBRO**

**30 (martes), ás 11.00 horas. Auditorio AFundación. Pontevedra.
O IMPACTO DA ARTE NO BENESTAR EMOCIAL.**

Conferencia impartida polo doutor Luis FERRER I BALSEBRE, académico numerario de Psiquiatría da RAMG.

■ OUTUBRO

8 (mércores). Facultade de Dereito da UDC. Salón de Graos da Facultade de Dereito.

ENFERMIDADES INFECCIOSAS DE TRANSMISIÓN SEXUAL.

Conferencia impartida polo doutor Eduardo FONSECA CAPDEVIAL. Especialista en Dermatoloxía Médico-Cirúrxica e Venereoloxía.

22 (mércores), ás 12.30 horas. Escola Naval Militar.

SESIÓN ACADÉMICA EXTRAORDINARIA, ANUAL, NA ESCOLA NAVAL MILITAR.

12.30 horas. Chegada da comitiva da Real Academia de Medicina de Galicia á chaira da escola. Fotografía de grupo na Escaleira Monumental.

12.45 horas. Saudación á delegación académica. Ilmo. Sr. Tomás CLAVIJO REY STOLLE, comandante-director da Escola Naval Militar.

SESIÓN ACADÉMICA.

Co seguinte programa:

- “Enfermidades infecciosas emerxentes. Un desafío que non cesa”.

Ilmo. Sr. Juan Jesús GESTAL OTERO, académico numerario de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

- Discurso de peche da sesión.

Excmo. Sr. Francisco MARTELO VILLAR, presidente da Real Academia de Medicina de Galicia.

14.15 horas. Comida no comedor do alumnado.

15.30 horas. Actividades. Saída ao mar.

18.00. Despedida dos membros da Real Academia e do alumnado da Universidade de Santiago.



► Dr. Jesús Gestal Otero, académico numerario de Medicina Preventiva.



► Na Escaleira Monumental, as persoas asistentes á sesión académica extraordinaria na Escola Naval Militar.

**29 (mércores), ás 12.00 horas. Escola Naval Militar (Marín).
CAJAL: UN SABIO DE ARMAS TOMAR.**

Conferencia impartida polo doutor Fernando Ponte Hernando, académico numerario de Historia da Medicina.

**30 (martes). AFUNDACIÓN. Cantón Grande, 8. A Coruña.
INSATISFACCIÓN XUVENIL COA IMAXE CORPORAL. CIRURXÍA?.**

Conferencias impartidas polo doutor Francisco Martelo Villar, académico numerario de Cirurxía Plástica, Reparadora e Estética e presidente da RAMG.

11.00 horas. Dirixida a escolares de ESO, bacharelato e FP.

19.00 horas. Dirixida ao público en xeral.

■ NOVEMBRO

21 e 22 (venres e sábado). Hospital das Forzas Armadas no Porto, Portugal.

II CONGRESO LUSO-GALAICO DE HISTORIA DA MEDICINA.

O II Congreso Luso-Galaico de Historia da Medicina tivo lugar os días 21 e 22 de novembro de 2025 no Porto e nel reuníronse investigadores e apaixonados da historia da medicina de Portugal, de España e, especialmente, de Galicia. O evento non ten unha temática específica e está aberto a presentacións, conferencias e comunicacións relacionadas coa historia da medicina ibérica, o que inclúe achegas doutras rexións con vínculos históricos ou culturais.



► II Congreso Luso-Galaico de Historia da Medicina no Porto. De esquerda a dereita: Dres. Edgar Camarós, Amelia Ricón Ferraz, Álvaro de Castro Palomares e Fernando J. Ponte Hernando.

II

ACTIVIDADES PARTICIPATIVAS DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA EN ACTOS ORGANIZADOS POR OUTRAS INSTITUCIÓN NA SEDE ACADÉMICA



■ XANEIRO

24 (mércores), ás 18.00 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“IMPORTANCIA DA PODOLOXÍA NAS PERSOAS MAIORES”. Conferencia impartida polo podólogo Dr. Navor Pereira, membro da Xunta de Goberno de Copoga.

■ FEBREIRO

12, 19 e 26 (mércores), das 11.00 ás 13.00 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“TALLERES DA INTERNET E SEGURIDADE”. Impartidos por cibervoluntarios.org.

26 (mércores), ás 18:00 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“UNHA NOVA MIRADA CARA Á VIDA”. Conferencia impartida por D.^a Verónica García Sánchez, presidenta da Asociación VPMN (A Coruña).

■ ABRIL

23 (mércores), ás 18.00 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“O BOTÓN: TELEASISTENCIA DA CRUZ VERMELLA”. Conferencia impartida por D.^a Cristina Méndez, directora da Área de Persoas Maiores da Cruz Vermella.

■ XUÑO

18 (mércores), ás 17.30 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“A SAÚDE VISUAL NA TERCEIRA IDADE”. Conferencia impartida por D. Eduardo Eiroa Mene.

■ OUTUBRO

8 (mércores), ás 17.30 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“MITOS E LENDAS DA ALIMENTACIÓN”. Conferencia impartida por D.^a Lucía Miyar Gil, especialista en alimentación de persoas maiores.


■ NOVEMBRO

13 (mércores), ás 18.00 horas. UNIÓN DEMOCRÁTICA DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA.

“SAÚDE AUDITIVA E PREVENCIÓN”. Conferencia impartida por J. Carlos Lorenzo Lorenzo, audiólogo protésico e logopeda.

III

PARTICIPACIÓN DA REAL
ACADEMIA DE MEDICINA
DE GALICIA, EN ACTOS
ORGANIZADOS POR
OUTRAS INSTITUCIÓN S



Dr. MARTELO VILLAR, Francisco. Presidente.

■ XANEIRO

- **24 de xaneiro, ás 13.30 horas.** Premio Pérez Lugín. Concello da Coruña.
- **27 de xaneiro, ás 18.00 horas: Concello da Coruña.** Salón de Sesiós. Entrega do título Fillo Predilecto e Fillos Adoptivos.
- **28 de xaneiro, ás 11.00 horas: Academia.** Reunión cos doutores Juffé, Ferrer e Carlos Guitián.

■ FEBREIRO

- **3 de febreiro, ás 10.30 horas.** Sinatura do convenio coa UDC. Despacho do reitor.
- **4 de febreiro, ás 19.00 horas.** Concello da Coruña. Nomeamento como Cabaleiro de Honra do xeneral Amador Ensenat.
- **5 de febreiro, ás 19.00 horas.** Apertura do curso da RAGC. Pazo de San Roque. Santiago de Compostela.
- **8 de febreiro, ás 20.30 horas.** Actos de Santa Apolonia. Hotel Porta do Camiño. Santiago de Compostela.
- **17 de febreiro, ás 12.00 horas.** Reunión coa vicerreitora da UDC na sede académica.
- **18 de febreiro, ás 12.00 horas.** Consello en Santiago de Compostela.

■ MARZO

- **7 de marzo, ás 12.00 horas.** Reunión en ABanca.
- **10 de marzo, ás 10.00 horas.** Reunión en Abanca.
- **26 de marzo, ás 19.00 horas.** Biblioteca de Estudos Locais da Coruña. Presentación da revista do Instituto José Cornide.

■ ABRIL

- **1 de abril, ás 19.30 horas.** Reunión na Academia con Cesuga e con D.^a María del Carmen Colmeiro.
- **7 de abril, ás 12.30 horas.** Reunión no Salón de Actos da Delegación do Goberno.
- **8 de abril.** Reunión no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela co Dr. Jesús Pino Mínguez.
- **9 de abril.** Conferencia no Concello da Coruña de Carlos San Claudio.
- **22 de abril.** Reunión do Consello en Santiago.
- **28 de abril, ás 12.00 horas.** Acto de gradación no Palacio de Congresos en Santiago.
- **30 de abril.** Acto no Concello da Coruña.

■ MAIO

- **9 de maio, ás 12.00 horas.** Acto en Palexco do Día da Amizade.
- **26 de maio, ás 10.00 horas.** Reunión na Fundación Abanca.

Dr. Gelabert González, Miguel, académico numerario titular de Neurocirurxía. En representación do presidente da RAMG na Comisión Permanente n.º 1 do Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia. 20 de maio de 2025.

■ XUÑO

- **2 de xuño, ás 18.00 horas.** Acto no Concello da Coruña, nomeamento de Fillo Predilecto de D. Ramón Núñez.
- **6 de xuño, ás 10.00 horas.** Reunión no Colexio de Médicos da Coruña. Ás 12.00 horas, reunión na Fundación Barrié.
- **10 de xuño, ás 12.00 horas.** Reunión coa Real Academia Galega.
- **13 de xuño, ás 13.00 horas.** Acto na Fundación Barrié. Entrega de credenciais ao persoal bolseiro.
- **26 de xuño, ás 11.30 horas.** Conferencia no Concello da Coruña do Dr. Carlos González Guitián sobre o Dr. Ramón Pérez Costales.

■ XULLO

- **22 de xullo, ás 12.00 horas.** Reunión na Consellería de Sanidade.

■ SETEMBRO

- **26 de setembro, ás 16.00 horas.** Acto na Fundación Barrié, presentación institucional do Congreso de Neurotecnoloxía.

■ OUTUBRO

- **2 de outubro, ás 10.00 horas.** Acto na Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.
- **6 de outubro, ás 18.00 horas.** Acto no Concello da Coruña, nomeamento de Filla Adoptiva de D.^a Rosa Otero.
- **7 de outubro.** Acto en Santiago, cátedra da Dra. Carmen Vidal.
- **8 de outubro, ás 12.00 horas.** Acto na Facultade de Dereito, conferencia do Dr. Eduardo Fonseca.
- **10 de outubro, ás 13.00 horas.** Entrevista coa alcaldesa de Santiago.
- **21 de outubro, ás 20.00 horas.** Reunión no Consello da Xunta, ás 12.00 horas. Entrevista en Radio-UDC.
- **22 de outubro, ás 12.30 horas.** Sesión académica na Escola Naval Militar.
- **30 de outubro.** Dúas conferencias en Afundación, pola mañá e pola tarde.

■ NOVEMBRO

- **11 de novembro, ás 09.30 horas.** Reunión coa concelleira de Benestar da Coruña, ás 19.15 horas.

Acto en Vigo, entrega dos Premios Zandal.

Dr. Gelabert González, Miguel, académico numerario titular de Neurocirurxía. En representación do presidente da RAMG na Comisión Permanente n.º 1 do Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia. 11 de novembro de 2025.

- **18 de novembro, ás 12.00 horas.** Reunión no Consello da Xunta.

- **24 de novembro, ás 10.00 horas.** Reunión na Deputación Provincial da Coruña.
- **24 de novembro, ás 19.30 horas.** Apertura do curso académico da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

■ DECEMBRO

- **4 de decembro, ás 14.00 horas.** Entrega do Premio Fernández Latorre.
- **5 de decembro.** Reunión na Fundación Barrié.
- **16 de decembro.** Colexio Oficial de Médicos da Provincia da Coruña.
- **17 de decembro, ás 19.30 horas.** Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Lugo.
- **18 de decembro, ás 12.30 horas.** Concello da Coruña.

IV

SESIÓN SOLEMNE CIENTÍFICAS *IN MEMORIAM*



■ NOVEMBRO

6 (xoves), ás 19.00 horas. Sede académica.

SESIÓN *IN MEMORIAM* DO ILMO. SR. JOSÉ PEÑA GUITIÁN, académico numerario emérito de Pediatría.

Interveñen:

- Doutor Federico MARTINÓN SÁNCHEZ, académico numerario de Pediatría.
- Doutor Federico MARTINÓN TORRES, académico numerario de Pediatría.
- Doutor Francisco MARTELO VILLAR, presidente da RAMG.

1.ª PARTE. DISCURSO DO ILMO. SR. FEDERICO MARTINÓN SÁNCHEZ, ACADÉMICO NUMERARIO DE PEDIATRÍA

Correspóndenos a alta distinción e a grande honra de pronunciar o discurso *in memoriam* do Excmo. Sr. José Peña Guitián. Agradecemoslle profundamente á Xunta de Goberno que nos confiase esta responsabilidade, así como á familia do doutor Peña, que aceptase a nosa participación neste acto de recordo e gratitude.

Recoñecemos, con humildade, que esta honra nos excede. Son moitos os discípulos do profesor Peña que, con maiores méritos e capacidades, poderían asumir esta tarefa. Con todo, somos conscientes de que nos atopamos hoxe nesta tribuna por dúas razóns fundamentais: por ocupar no presente a cadeira de Pediatría desta Real Corporación e sobre todo porque, tras moitos anos de relación entrañable, sincera, prolongada e ininterrompida, nos sentimos parte da súa propia familia.

Aos sentimentos de lexítimo orgullo por lle poder render homenaxe a quen foi unha figura eminente e innovadora da pediatría española —con proxección internacional—, únese unha tristeza profunda, a sensación dunha perda irreparable e a melancolía do recordo. Dóenos a súa ausencia, pero

celebramos a súa vida. Hoxe, o soño do mestre xa non é ese descanso transitorio que prepara o espertar dun novo día. É o soño da liberdade, o que dá inicio á vida que non ten fin. Alí, no alto ceo, está agora mellor —como corresponde a quen fixo ben as cousas— e contemplará con serenidade que non foi esquecido. Porque somos moitos os que fomos formados por el, aos que nos transmitiu e segue transmitindo as súas ensinanzas. Porque a súa inmensa obra permanece impresa en miles de páxinas que o sobrevivirán. Todo canto fixo, en mans doutros, será necesariamente distinto —pois a ciencia debe renovarse, como el mesmo nos ensinou—, pero ao mesmo tempo será tamén perdurable, como o son a medicina e a pediatria cando se fundan no rigor, no humanismo e na vocación.

Xa non volveremos oír a súa palabra amena, nin os seus consellos e razoamentos, sempre xenerosamente ofrecidos con afecto case paternal. Teño eu —e creo que, coma min, moitos outros— motivos sobrados de gratitude, pero sobre todo razóns de profundo e sincero agarimo. Quero deixar constancia de que ao profesor Peña lle debo case todo o bo que puideran alcanzar como pediatra e unha parte esencial do que son como persoa.

El foi un deses grandes homes de quen alguén dixo con acerto: “Só un grande home pode ensinar despois da morte”. Cada discípulo leva consigo algo da biografía do seu mestre, se este foi verdadeiramente digno de tal nome. Porque cada mestre, ao influír nos seus alumnos, deixa unha pegada que alcanza xeracións futuras e que pode, dese modo, rozar a eternidade. Ninguén pode saber ata onde chegará a súa influencia.

Co paso do tempo, a vida levou o profesor Peña a atoparse con Beatriz Gil de la Peña, a quen coñeceu mentres lle dirixía un traballo de finalización de estudos. Aquela relación, nacida entre pacientes, libros, ideas e debates académicos, pronto transcendeu o profesional. Co seu carácter firme pero próximo, o profesor non deixou escapar aquela oportunidade, e Beatriz, con intelixencia e sensibilidade, soubo ver nel non só un mestre, senón tamén un compañeiro de vida. O 13 de outubro de 1969 contraeron matrimonio na igrexa de San Benito de Cambados. A celebración continuou cunha comida no pazo familiar de Torres de Fragua, que reuniu a familiares e amigos nun ambiente próximo e alegre. Tiven o privilexio de asistir a aquel día tan significativo.

Do seu matrimonio naceron tres fillos —Patricia, Carlos e Diego— e, máis adiante, seis netos —Juan, Lía, José, Marcos, Pablo e Palomita—. O inxente traballo realizado polo noso mestre esixiu sen dúbida unha entrega absoluta,

grande esforzo, sacrificio e, como consecuencia, moito tempo roubado á súa familia. Os que coñecemos a súa vida familiar sabemos que ese labor só foi posible grazas ao amor incondicional e ao apoio constante de Beatriz. A ese sostén sumáronse despois os seus fillos e os seus netos, formando un núcleo que lle permitiu entregarse á súa vocación con paixón e determinación, sabedor de que na casa tiña un refuxio, un motor e unha razón profunda para seguir adiante. Desexo reiterar aquí unhas palabras que me foron dirixidas polo doutor Peña na súa réplica ao meu discurso de ingreso nesta institución: “Beatriz é un deses factores que lle permitiron a José realizar plenamente o anhelado de Stendhal: que dita máis grande a de ter o oficio como paixón!”.

O profesor Peña naceu o 10 de agosto de 1926 en Armillán, parroquia de San Vicente de Toldaos, pertencente ao municipio de Láncara, na provincia de Lugo. Trátase dunha parroquia que foi bastión do agrarismo na comarca e que desempeñou un papel destacado na súa contorna, reflexo da coraxe e do tempero das súas xentes. Foi o quinto de sete irmáns, aínda que só os cinco menores alcanzaron a vida adulta —eran tempos moi duros para a infancia—. Pertencía a unha familia numerosa, profundamente arraigada á súa terra, aos seus valores e ás súas tradicións. Na súa aldea natal non había luz eléctrica nin estradas, pero el evocaba con tenrura unha infancia plena e alegre. Sempre se mostrou agradecido e orgulloso dos seus pais, Elena e José, a quen lembraba con profundo agrimo.

Con frecuencia, durante os traxectos que compartiamos en coche para acudir ás sesións desta Real Academia, relatábame vivencias daqueles anos. Recordo especialmente a historia dun cabalo co que, cando aínda era un neno, cumpría os encargos do seu pai, e que o guiaba polos distintos camiños coa exactitude dun GPS. Estou convencido de que moitas desas memorias quedaron recollidas por escrito, como testemuño dunha vida feita de sinxeleza, esforzo e dignidade.

Os seus pais, con enorme sacrificio e visión de futuro, lograron que todos os seus fillos puidesen formarse e acceder a un elevado nivel. Desde moi novo, José Peña soubo o que quería ser, e buscou con firmeza, mediante unha vida de traballo e estudo. E atopouno.

Realizou os seus estudos primarios na Escola de San Miguel de Monseiro, onde sempre lembrou con gratitude a influencia dos seus dous mestres rurais, don Mateo e don Anastasio, cuxa dedicación marcou profundamente a súa formación. A eles sumábase tamén o seu aprecio polo párroco de

Toldaos, don Amador, quen, ademais de exercer o seu ministerio, era poeta e contribuíu a espertar nel unha temperá sensibilidade cara á palabra e ao coñecemento. Aos dez anos, acompañado polo seu irmán Antonio, de catorce, a quen admiraba e de quen se sentía tamén influenciado, trasladouse a Lugo para cursar o bacharelato.

Posteriormente, tamén acompañado polo seu irmán Antonio, trasladouse a Santiago para estudar a licenciatura en Medicina, mentres que o seu irmán cursaba Dereito. Obtivo o seu título de médico en 1950.

En todo caso, nunca esqueceu o seu lugar de orixe, Armillán. A ese recuncho tan querido volveu en numerosas ocasións e en distintas etapas da súa vida, sempre acompañado pola súa familia, e compartiu con eles o amor e os recordos que o unían á súa terra.

En 1952, defendeu a súa tese de doutoramento na Universidade Complutense de Madrid, co título *Metódica para o estudo do desenvolvemento muscular*, coa que obtivo a cualificación de sobresaliente *cum laude*.

Permítaseme compartir unha anécdota que ilustra tanto o seu rigor investigador como a súa xenerosidade: durante a elaboración daquela tese, empregou —entre outros instrumentos— un planímetro dunha soa roda, o chamado integrador de Coradi, utilizado para a medición precisa de superficies. Anos máis tarde, tivo o xesto de entregarmo para que puidese levar a cabo o meu primeiro traballo de investigación, un estudo similar, aínda que centrado en nenos afectados por raquitismo carencial. Hoxe, neste acto de homenaxe, quero devolverlles simbolicamente este instrumento aos seus fillos, pois entendo que é a eles a quen lles corresponde conservar este obxecto que encarna tanto o traballo científico coma o legado humano do seu pai.

Unha vez finalizada a licenciatura, o profesor Peña incorporouse á Clínica Universitaria de Pediatría de Santiago para realizar a especialidade, baixo a dirección do profesor Suárez Perdiguero, a quen sempre considerou o seu mestre. Del dicía, con admiración e afecto, que foi “unha personalidade cegadora e un universitario cabal”, á vez que un “clínico excepcional, sensible, humano, íntegro, ocasionalmente orgulloso e tenaz, alegre e xovial...”.

A Clínica Universitaria de Pediatría atopábase entón situada no histórico edificio do Hospital Real, onde permaneceu ata 1953. Ese ano, o antigo hospital de peregrinos foi acondicionado como Parador de Turismo, o que obrigou ao traslado dos pacientes á recentemente construída Residencia da Seguridade Social, na rúa de Galeras.

A pesar das carencias materiais e das dificultades loxísticas, que soubo afrontar con sacrificio persoal e renuncias sociais, o profesor Peña non se conformou. Compreendeu que era necesario tomar distancia para seguir crecendo e non dubidou en dar o salto cara a unha formación complementaria nalgunhas das máis prestixiosas clínicas pediátricas de Europa. Con este propósito, realizou estancias de perfeccionamento en Bruxelas, Bélxica (co profesor Lust), en Giessen, Alemaña (co profesor Hungerland), en París (cos profesores Debré e Minkowski) e en Londres, no prestixioso Institute of Child Health.

Tan sólida e cosmopolita formación permitiríalle, ao seu regreso a Galicia, instaurar unha pediatría moderna, rigorosa e de excelencia, proxectada desde a súa terra natal cara ao mundo, e sempre ao servizo do neno, da familia, da ciencia e da sociedade.

En 1960, o profesor Suárez Perdiguero concluíu a súa etapa académica en Santiago para ocupar a cátedra en Sevilla. Co profesor Suárez marcharon algúns colaboradores —o cal era previsible—, pero permaneceron outros notables profesionais, como o pediatra Burguera, o cirurxián Moreno de Orbe, a farmacéutica Pepita Ron, o biopatólogo clínico Ramón del Río e o neurocirurxián Reyes Oliveros. A eles sumábase o valioso persoal non médico, entre quen desexo citar a relixiosa sor Carmen Álvarez e a secretaria dona Ana María Ruiz Huertas.

Tiven o privilexio de establecer contacto co profesor Peña no ano 1963, cando aínda era estudante de Medicina, momento no que el se atopaba inmerso na preparación das súas oposicións a cátedra.

O profesor Peña presentouse ás oposicións á cátedra en dúas ocasións —entón, as oposicións tiñan carácter nacional e eran sumamente esixentes—. Obtivo a cátedra de Pediatría na Universidade de Santiago en 1966. Pronunciou a súa primeira lección, como novo catedrático, o 20 de outubro dese mesmo ano, ás 13.00 horas, no paraninfo da Universidade de Santiago. Profesores —entre eles, o profesor Suárez—, compañeiros —como os doutores Caballero, Villanueva ou o meu propio pai— e discípulos reunímonos con el nunha comida de confraternidade no Hostal dos Reis Católicos.

Desde o meu primeiro encontro co mestre —e ata o último día que compartimos—, lémbroo plenamente entregado, cunha disciplina férrea, ao estudo rigoroso que lle esixían tanto a súa formación como a preparación da oposición á que concurría. Chegou a coñecer de memoria non só os

contidos, senón mesmo a paxinación exacta dos textos clásicos de pediatría, que actualizaba con constancia mediante a lectura sistemática das mellores revistas científicas da época. Ao longo dese proceso, elaborou miles de fichas, notas e esquemas que aínda hoxe serían considerados exemplares pola súa precisión e profundidade.

Tan vasto era o seu capital de coñecementos que podería dicirse que encarnaba unha auténtica enciclopedia vivente da pediatría. Ou, se se prefire unha metáfora máis contemporánea, era o “Google profesional” do seu tempo, cando aínda nin sequera se albiscaba a chegada da intelixencia artificial. O seu pensamento rápido, preciso e multidimensional parecía funcionar, como diríamos hoxe, en banda ancha. O seu consello era sempre oportuno e benevolente; a súa opinión, autorizada, e o seu apoio, xeneroso e permanente. Tiñamos a impresión, case inxenua, de que sempre estaría alí, dispoñible, para o que necesitásemos.

E, con todo, esa intensa dedicación ao estudo non lle facía descoidar, en absoluto, as súas responsabilidades docentes. Moi ao contrario, nas súas clases impartía con entrega o programa teórico completo, mediante leccións elaboradas con esmero e rigor. Foi pioneiro no uso didáctico de transparencias, diapositivas clínicas e materiais audiovisuais de casos reais obtidos por el mesmo. Introduciu de xeito temperán —cando aínda non era habitual— o emprego de manequíns e simuladores no ensino da pediatría e anticipouse con visión ás metodoloxías docentes do futuro. E, máis aínda, traía á aula casos reais, pacientes de carne e óso, con quen ensinaba non só a ciencia, senón tamén a paixón.

A pesar da escaseza de recursos e das limitacións materiais que caracterizaban a época, desenvolvía, con entusiasmo e con frecuencia desde o máis absoluto altruísmo, un meritorio labor investigador, como máis adiante detallaremos. E ademais era, ante todo, un gran clínico. Dominaba con solvencia todas as técnicas diagnósticas e terapéuticas habituais e pasaba visita diariamente aos nenos hospitalizados, a quen atendía con mirada experta e trato próximo. Non era raro que reaparecese pola tarde, sen aviso previo, co mesmo interese e dedicación. Naqueles anos —vale a pena lembralo—, o horario asistencial era extenso e, en certo xeito, asumido como unha vocación permanente; estabamos, en efecto, de servizo case as 24 horas do día. E, porén, aceptábamolo con gratitude, porque o seu entusiasmo era contaxioso e porque cada xornada xunto a el supoñía unha aprendizaxe fundamental, unha lección para a vida. En palabras do propio doutor Peña,

que resumen con exactitude o espírito daqueles anos: “Non sabíamos cal sería o noso destino nin onde chegaríamos, pero non nos importaba. Na nosa inestabilidade, sentiámonos seguros, con fe en nós mesmos, alegres e confiados”.

Nunca se apartou do exercicio clínico. Durante anos, fíxoo con dedicación exclusiva ao hospital e, máis adiante, compaxinou o seu labor académico coa práctica privada. Era un apaixonado da actividade clínica, á que se entregaba con absoluta vocación, e enfrontábase ao neno enfermo e á súa familia nas circunstancias máis auténticas, sen escudos nin atallos. Foi o consultor natural dos seus compañeiros, tanto dentro do hospital coma noutros moitos puntos de Galicia. E a comunidade médica —e tamén a poboación xeral— sabíao ben. Cando xurdía un caso complexo, ou cando parecía non haber solución posible, unha frase repetíase con frecuencia en voz baixa e confiada: “Que cho vexa o doutor Peña”.

Ademais, el mesmo encargábase de documentar fotograficamente todo: tanto en branco e negro coma en cor. Espero que aínda se conserven os miles de diapositivas que realizou, pois constitúen un valiosísimo material iconográfico para a docencia, así como un testemuño visual único da evolución na presentación clínica de moitas enfermidades infantís. Recordo, neste sentido, que me encomendou recibir formación específica de mans de Carballal, entón correspondente de Televisión Española en Santiago, para poder utilizar unha cámara Bolex H-16 de 16 mm, accionada manualmente por manivela, co fin de filmar secuencias con contido científico. Ignoro se aquelas diapositivas, imaxes de cámara e películas —hoxe auténticos documentos históricos— se conservan aínda, pero sen dúbida merecerían ser recuperadas e preservadas.

O profesor Peña tiña tamén unha maneira moi persoal de comunicarse coa súa contorna académica. Con moita frecuencia, facíanos chegar cuartillas de cores, coidadosamente manuscritas —e con copia mediante papel carbón, para evitar calquera esquecemento—, nas que nos ofrecía reflexións, propostas, suxestións... e, en ocasións, tamén algunha que outra orde ou advertencia correctora. Noutras, distribuíanos —primeiro mediante multicopista e, máis tarde, por fotocopias— artigos de revistas científicas de vangarda, seleccionados con rigor, que consideraba de obrigada lectura. Este fluxo xeneroso de coñecemento non se limitaba ao seu equipo inmediato, senón que alcanzaba a todo o hospital e, con frecuencia, chegaba mesmo a quen xa emprenderamos o noso exercicio profesional noutros destinos.

Todo iso adoitaba ir acompañado dun breve *post-it* cunha frase recorrente: “Díseme, fálaseme”, que, como ben definiu o seu fillo Carlos, “era o seu código, a súa forma de compartir co mundo e tamén o lugar onde atopalo”.

En 1960, tras a marcha do doutor Suárez Perdiguero, o profesor Peña asumiu a plena responsabilidade da Cátedra e da Clínica Universitaria de Pediatría de Santiago. Lonxe de romper co legado recibido, soubo integralo, incorporando progresivamente o seu propio enfoque e estilo de traballo. Atraídos pola súa personalidade e pola súa particular maneira de exercer a medicina e a docencia, novas xeracións de médicos fóronse sumando ao seu equipo. Nos primeiros anos, deulles continuidade aos denominados Cursos de Ampliación, nos que contaba coa participación de figuras destacadas da pediatría española e europea, como H. Mathieu, H. Lestradet, E. Dent ou N. Cordeiro Ferreira. Así mesmo, organizou cursos monográficos centrados en temas específicos, impartidos por expertos de recoñecido prestixio internacional.

Estes cursos serían, co tempo, substituídos polas Sesións Pediátricas realizadas no auditorio Carlo Erba, na rúa do Vilar: unha nova modalidade que promovía a participación activa dos pediatras galegos, mediante o intercambio de experiencias e a exposición de casos clínicos propios. Máis adiante, co desenvolvemento progresivo das subespecialidades pediátricas, impulsou a creación de cursos, seminarios e actividades docentes específicas, coordinadas polos responsables de cada área. Recordo, neste sentido, os Cursos de Progresos en Endocrinoloxía Pediátrica, dirixidos polo profesor Pombo Arias, ou os Cursos de Neuroloxía Pediátrica, do profesor Castro Gago, entre outras moitas.

A pesar das limitacións económicas da época, o profesor Peña fomentou e conseguiu que varios dos seus colaboradores realizasen estancias de perfeccionamento no estranxeiro, co que se sentaron as bases do desenvolvemento moderno das subespecialidades pediátricas en Galicia. Recordo especialmente a estancia do doutor Tojo en Milán, as dos doutores Saavedra e José María Martínón en París, a do doutor Souto en Montpellier ou a do doutor Fraga en Londres. Estas experiencias formativas tiveron un impacto decisivo na modernización do exercicio pediátrico na nosa terra.

En 1972, a Clínica Universitaria de Pediatría foi trasladada ao entón denominado Hospital Xeral de Galicia, tamén situado na rúa de Galeras. Aínda que a súa estrutura arquitectónica non era, en rigor, a máis adecuada para a atención pediátrica, o certo é que supuxo unha mellora considerable en todos os aspectos. Desde o inicio, o servizo contou cunha dotación de per-

soal médico, de enfermería, auxiliar e administrativo que o propio profesor Peña cualificou como “racional, numerosa e xenerosa”.

Foi nesa nova contorna onde se desenvolveu plenamente o Departamento de Pediatría e as súas especialidades, que contribuíu ao adestramento de xeracións de pediatras e especialistas que posteriormente desempeñaron —e aínda desempeñan— o seu labor en Santiago e en toda Galicia. En todo momento, o profesor Peña concibiu a asistencia pediátrica desde unha perspectiva integral. Así o expresaba coas súas propias palabras: “Consideramos o neno como un todo, o que inclúe o físico (médico e cirúrxico), o psíquico e o social”.

Con esta visión, non dubidou en ceder prazas adscritas inicialmente ao Departamento de Pediatría a outras especialidades médicas con forte compoñente pediátrico, que recoñeceu como piares fundamentais para o diagnóstico e o tratamento do neno enfermo.

Foi tamén o impulsor de iniciativas pioneiras, como o cribado neonatal de metabolopatías para todos os neonatos galegos, a través do Programa de prevención da subnormalidade, onde desempeñou o cargo de director do Programa de prevención de subnormalidade, metabolopatías e xenética. Unha iniciativa exemplar que situou a Galicia na vangarda nacional na detección precoz de enfermidades conxénitas.

Coa finalidade de superar as limitacións estruturais existentes e de lles dar unha resposta integral ás necesidades sanitarias das nais e dos nenos da área sanitaria de Santiago —así como para actuar como centro de referencia—, concibiuse e proxectouse a construción dun Hospital Materno-Infantil, situado no Campus Universitario. Con todo, e malia que as obras concluíron en 1984, o edificio nunca foi inaugurado nin destinado ao seu propósito orixinal. Foi unha decisión, canto menos, absurda e inxustificada, que frustrou un proxecto longamente acariñado polo profesor Peña e por moitos outros profesionais, e que representou un retroceso na planificación asistencial pediátrica da nosa comunidade.

O groso da vida profesional do profesor Peña transcorreu en Galicia, dedicada de maneira total aos nenos galegos e ás súas familias. Coordinou, impulsou e apoiou practicamente toda a actividade pediátrica da comunidade, na procura sempre de que os servizos e as unidades funcionasen de maneira integrada, eficiente e en beneficio do conxunto. Tal foi a súa influencia que, durante anos, a práctica totalidade dos xefes de servizo e dos departamentos

de Pediatría dos hospitais galegos foran discípulos seus. O seu maxisterio, tanto profesional coma humano, proxectouse sobre toda unha xeración de pediatras e deixou unha pegada indeleble na historia da medicina galega.

Permítanme, a modo de exemplo, ao coñecelo de primeira man, referirme a algunhas das moitas mostras de apoio que o profesor Peña lle brindou ao Departamento de Pediatría de Ourense. A súa implicación foi decisiva para a consolidación e a xerarquización de numerosos pediatras, a creación de novas prazas especializadas e a posterior axuda para o seu desenvolvemento e formación. Cedeunos valioso material iconográfico para a docencia; impulsou, supervisou e defendeu as nosas publicacións; codirixiu teses de doutoramento e memorias de licenciatura —facilitando ao máximo os seus trámites—, e promoveu a concesión da *venia docendi* para que os estudantes de Medicina puidesen facer prácticas nos nosos servizos. Foi tamén artífice da creación dunha extensión da Escola Departamental de Puericultura e logrou o recoñecemento universitario para os nosos cursos de actualización e formación continuada, nos que el participaba sempre de forma activa. A iso sumábase a súa constante orientación diagnóstica e asistencial, prestada de forma persoal, coa xenerosidade e o compromiso de quen nunca deixou de ser médico, profesor e mestre.

E isto que aquí menciono como exemplo concreto foi replicado en cada un dos servizos pediátricos hospitalarios de Galicia. A súa acción foi sempre integradora, transversal e, sen dúbida, profundamente xenerosa.

O profesor Peña participaba de xeito directo en practicamente todas as actividades académicas e formativas relacionadas coa pediatría que tiñan lugar en Galicia. A súa presenza era habitual e, en certo xeito, esperada, en todos os congresos da Sociedade de Pediatría de Galicia, así como nos actos científicos das academias provinciais e dos colexios de médicos. E, por suposto, nunca faltaba á entrega de premios e recoñecementos dos seus discípulos, coma se fose el mesmo quen os recibise.

Quero citar dúas iniciativas anuais que, por razóns persoais, me resultan especialmente entrañables. A primeira foron os Cursos de Pediatría Rural, que tiñan lugar en Ourense baixo o subtítulo —acuñado por el mesmo— “O práctico e o científico na actuación pediátrica do médico rural”. A segunda foi o Symposium Minho-Galaico de Pediatría, promovido polo doutor Jesús Antelo Cortizas e realizado en distintas localidades de Portugal. En ambos os encontros, grazas ao apoio do profesor Peña e aos seus sólidos vínculos coa comunidade académica, logrouse a participación de destacados catedráticos

de pediatria de España, así como de numerosos especialistas internacionais. A conferencia de clausura era sempre pronunciada polo noso mestre, e saíamos de cada sesión coa sensación de recibir unha lección maxistral... e coa lección aprendida.

Estes encontros tiñan, ademais, un valor engadido: celebrábanse en compañía das nosas familias, o que favoreceu o nacemento de lazos afectivos duradeiros entre os nosos fillos, moitas de cuxas amizades aínda perduran.

Pero o amor do profesor Peña pola súa terra non coñecía fronteiras. O seu maxisterio proxectouse máis alá de Galicia e levouno a exercer a súa influencia docente e científica en toda España e en numerosos países. Tiven a honra de acompañalo nalgunha destas ocasións por distintos puntos da nosa xeografía, e tamén por Italia, México... e, por suposto, por Portugal, país ao que nos unía unha entrañable irmandade. Foron viaxes realizadas moitas veces en compañía das nosas esposas, e das que conservo recordos gratos e indelebles.

Durante máis de sesenta anos ininterrompidos, o profesor Peña mantivo unha dedicación eficaz e exemplar á universidade e ao hospital. Atrévome a dicir —con afecto e admiración— que, polo seu aspecto serio, o seu rigor intelectual e o seu carácter reflexivo, nunca pareceu de todo mozo, pero tampouco nunca vello. Permaneceu sempre nesa madurez activa que lle corresponde a quen ensina e dirixe, a quen —coma el— se renova sen cesar, sen cualificarse, sen nostalxia, e cunha vitalidade intelectual que non coñecía descanso. Porque se algo caracterizou o profesor Peña foi a súa mocidade permanente, non de idade, senón de actitude. Nunca se permitiu envellecer no seu pensamento nin na súa práctica profesional: actualizábase constantemente, desafiando o tempo coa enerxía do verdadeiro mestre, de quen entende que ensinar é aprender sen tregua.

2.^a PARTE. DISCURSO DO ILMO. SR. FEDERICO MARTINÓN TORRES, ACADÉMICO NUMERARIO DE PEDIATRÍA

Dou continuidade ao discurso ante esta Real Corporación para lle render homenaxe a quen non só foi unha figura irrepetible da pediatria española, senón tamén unha presenza esencial na miña vida persoal e profesional. O profesor José Peña Guitián non foi para min unicamente un referente académico, foi un mestre próximo, un cómplice, un estímulo permanente e, en

moitos sentidos, o espello no que tentei mirarme para exercer a medicina, ensinar pediatría e investigar con rigor. Tivo a capacidade de adiantarse ao seu tempo e, aínda que profundamente enraizado en Galicia, posuía unha mirada ampla e aberta ao mundo e soubo incorporar con intelixencia todo o valioso que chegaba do exterior.

Coñecín o profesor, a súa esposa Beatriz e os seus fillos moito antes de ser pediatra, cando eu aínda era un neno. Foi grazas aos encontros familiares —buscados e celebrados en Ourense e Santiago—, así como ás oportunidades que brindaban os eventos pediátricos xa mencionados, nos que as nosas familias participaban activamente. Os seus fillos, os meus irmáns e mais eu crecemos moi preto uns doutros, forxando vínculos periódicos, constantes e entrañables que o tempo non fixo senón fortalecer. O seu nome resoaba na casa como sinónimo de excelencia, esixencia e prestixio. Para a miña familia, era unha figura próxima e respectada. Eses primeiros contactos, case míticos, fixéronme admiralo desde moi pronto. Pero co tempo a vida ofreceume un privilexio aínda maior: compartir o seu maxisterio de cerca, no traballo diario, na elaboración de capítulos, nos congresos, en conversacións que abarcaban desde a ciencia ata a vida, e establecer con el unha complicidade única. Facía un seguimento constante de todo o que me concernía, non se trataba simplemente de consultas ocasionais ou conversacións puntuais. Apoiábame, asesorábame, protexíame e, ao mesmo tempo, moderaba as miñas respostas máis esaxeradas, froito do meu ímpeto ou da miña inexperiencia. Gozaba cada pequeno logro meu coma se fose propio, xa se tratara dunha simple comunicación a un congreso ou da publicación máis importante da miña carreira.

Por poñer un exemplo de actividade formal, quero citar a reunión internacional que organizamos periodicamente en Santiago, baixo a denominación Taller interactivo infectolóxico (TIPICO), na que o mestre aceptou que a lección maxistral levase o seu nome, como apoio indubidable a este evento científico. En todas as sesións foi un observador atento e interveu coa súa clarividencia habitual.

Esa tripla vivencia —como admirador familiar, discípulo profesional e continuador institucional— é hoxe para min un motivo de emoción e de responsabilidade. Porque non só tiveron o privilexio de aprender del; hoxe, con humildade, ocupo tres dos lugares que el creou, engrandeceu e deixou como legado: a xefatura do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago, a Cátedra de Pediatría da Universidade de Santiago de Com-

postela e esta cadeira numeraria de Pediatría da Real Academia de Medicina de Galicia, que leva o seu sinal e que me honra ocupar.

En todo caso, quero determe aquí nunha das nosas anécdotas máis reveladoras, porque nela se condensan o seu método, o seu perfeccionismo e tamén a súa humanidade. Durante anos, fomos coautores do capítulo sobre raquitismo do *Tratado de pediatría de cruz*. Ou, para ser exactos, el era o autor e eu o seu escribente e aprendiz.

O meu labor consistía en mecanografiar cada frase que me ditaba, revisaba e corruxía unha e outra vez, ata alcanzar a perfección que el consideraba imprescindible. Non se conformaba cunha actualización superficial: esixía precisión científica, exhaustividade bibliográfica e claridade pedagóxica. E facíao cunha mestura de rigor e de humor que convertía cada sesión de traballo nunha verdadeira lección maxistral.

Ata que un día, coa ironía propia do destino, o tratado decidiu “modernizarse” e prescindir dos seus autores orixinais, os chamados “mestres clásicos”. Con iso, por suposto, fun tamén relegado como coautor. Aínda lembro as nosas conversacións ao redor daquel despropósito, esmiuzando cun sorriso cómplice o traballo dos nosos sucesores, cuxa falta de rigor disfrazaban de renovación. Aínda por riba, aproveitaron as imaxes orixinais realizadas polo propio doutor Peña —sen sequera citar a fonte—, como se a memoria académica puidese borrarse cunha edición.

Esa anécdota, que podería parecer menor, para min é un emblema: reflicte o seu carácter indómito, a súa lucidez crítica e a súa capacidade para relativizar con humor os reveses, sen perder nunca a paixón por ensinar.

Tampouco quero deixar de lembrar un episodio significativo que tivo lugar cando me foi concedido un dos premios desta Academia, o entón presidente incorreu nunha interpretación errónea das bases do concurso. Nesa ocasión, o profesor Peña interveu con firmeza —sen dudar en comprometerse— para defender a validez da sentenza e realizou as aclaracións necesarias co seu habitual rigor. Unha vez recibido o premio, e como non podía ser doutra maneira, celebrámolo.

Recordo que, xa moi ao final, un día tiñamos na UCIP un neno que, ademais do seu cadro agudo, mostraba signos evidentes de raquitismo. Pedinlle ao profesor que entrase a velo e que nos dese a súa valoración. Que clase maxistral nos regalou a pé de cama! Todos os que estiveron presentes aquel día foron testemuñas dunha lección inesquecible, tan brillante como xenerosa.

Pero debo retomar e completar o historial profesional do mestre, como esixe o discurso “de precepto” desta sesión solemne.

O seu historial profesional ao servizo da universidade foi extenso, intenso e acertado, abarcando sesenta e catro anos ininterrompidos. Enumerarei os máis destacados: profesor axudante de clases prácticas (1951 e 1952), profesor adxunto interino (1953), profesor adxunto por oposición (1955), profesor encargado de cátedra (1960), catedrático de Pediatría (1966), vicedecano (1976-1979) e decano (1979-1981) da Facultade de Medicina, e profesor emérito de Pediatría (1996).

No ámbito clínico hospitalario, asumiu importantes responsabilidades: xefe de servizo da Clínica Universitaria de Pediatría (1953), xefe do Servizo de Hospitalización Pediátrica da Seguridade Social (1967) e xefe do Departamento de Pediatría do Hospital Clínico Universitario (1972), ata a súa xubilación.

Tampouco debemos esquecer outros cargos e servizos: médico puericultor do Estado (1957), médico agregado da Casa Berce da Beneficencia Provincial de Santiago (1957), xefe de estudos e director da Escola de Enfermería de Santiago, director da Escola Profesional de Pediatría de Santiago ata a integración no sistema MIR, director e profesor da Escola de Puericultura de Galicia (1960-2005), membro da Comisión Nacional de Pediatría do INP para a Xerarquización de Especialidades Hospitalarias (1978) e vogal do Consello Nacional da Especialidade de Pediatría.

Así mesmo, a súa enorme capacidade na xestión e administración sanitaria permitiulle ocupar, entre outros cargos, o de presidente da Comisión de Dotación e Obras do Hospital Xeral de Galicia, membro do Relatorio Materno Infantil da Lei de reforma sanitaria, asesor da Comisión de Vacinacións de Galicia, membro do grupo de redacción do Libro branco sobre tuberculose e representante de Galicia na Comisión Nacional de Prevención da Subnormalidade.

A súa produción científica foi ampla e de notable profundidade, con achegas orixinais e, en varios casos, pioneiras dentro da bibliografía médica internacional. As súas investigacións abarcaron desde o estudo do crecemento e do raquitismo ata os erros conxénitos do metabolismo e as displasias óseas. Describiu e introduciu na literatura médica unha nova entidade patolóxica recoñecida actualmente co epónimo displasia metafisaria tipo Peña (*Metaphyseal Chondrodysplasia, Peña type*). Ao longo da súa traxectoria, dedi-

coulles unha especial atención ás enfermidades prevalentes en Galicia, así como a outros problemas médico-sanitarios da rexión, área que consideraba prioritaria por un sentido de compromiso e de responsabilidade profesional.

Consciente de que o labor do universitario non se limita unicamente a traballar, ensinar e investigar, senón que tamén inclúe a responsabilidade de difundir o coñecemento xerado —é dicir, comunicar e publicar os resultados do seu labor—, desenvolveu unha destacada produción científica. En termos cuantitativos, esta concretouse na publicación de 160 artigos en revistas científicas nacionais e 32 en revistas internacionais. Así mesmo, participou como autor de 32 capítulos en libros e monografías, tanto no ámbito nacional coma internacional. Ademais, elaborou o prólogo de 16 obras especializadas, incluídos libros e monografías.

O tempo do que dispoño só me permite proxectar esta diapositiva con algunhas das súas publicacións máis destacadas que, en calquera caso, figuran no texto escrito:

“Le traitement de la meningite tuberculose dans la Clinique Universitaire de Saint Jacques de Compostelle”, *Les antibiotiques dans l'enfance*. CIE Paris, 1952.

“Índices de desarrollo muscular: correlación entre creatinina urinaria y área muscular radiográfica”. *Rev. Esp., Ped.* 1952; 8: 5.

“Relation between the acetylneuraminic acid contents of blood serum in mothers and their newborn babies”. *Clin. Chim. Act.* 1963; 7: 1448.

“Una aportación al problema de la resección del saco en las espinas bífidas quísticas. Sobre 63 casos de bifidismo craneo-espinal”. *Rev. Esp. Ped.* 1963; 121: 1.

“Estudios hematológicos en el raquitismo común”. *Rev. Esp. Ped.* 1964; 20: 115.

“Disostosis metafisaria. Una revisión con aportación de una observación familiar. ¿Una forma nueva de enfermedad? *Radiología.* 1965; 47: 1.

“Tórax raquíptico *versus* neumopatía raquíptica”. *Rev. Esp. Ped.* 1965; 21: 124.

“Treatment of urticaria pigmentosa”. *The Lancet.* 1966; 7439: 1.

“Particularidades de la fase intestinal del metabolismo proteico en el periodo neonatal inmediato”. *Rev. Esp. Ped.* 1971; 27: 160.

“Analysis about the therapeutic attitude done in 382 observation of endotoxic shock be cause of meningocemia”. *Intesiv. Car. Med.* 1980; 6: 44.

“Ectopic production of ACTH by Willms Tumor”. *Hormone Research.* 1982; 16: 160.

“Anonymous testing of newborn infants for HIV antibodies as a basis for estimating prevalence of HIV childbearing women:the 1991-1994 study in Spain”. *Acta Paediatrica.* 1997; Supl.421: 86.

“Raquitismo”, En M. Cruz, Tratado de Pediatría (1983), 5.^a edición e sucesivas.

Formou parte das máis importantes sociedades científicas e profesionais como membro destacado. Foi presidente electo e presidente de honra da Sociedade de Pediatría de Galicia, presidente da Asociación Española de Pediatría (durante dous mandatos, nos que interveu en grupos de traballo e comités de expertos e implantou a Fundación de Pediatría), primeiro presidente electo da Asociación Española de Asociacións Científico-Médicas (Facme), membro fundador e vogal da primeira Xunta Directiva da Sociedade Española de Nefroloxía Pediátrica, membro da Asociación Española de Psiquiatría Infantil, membro do European Club For Pediatrics Research, membro fundacional da Association for Pediatric Education in Europe, membro electo do Grupo Latino de Pediatría, membro da Sociedade Francesa de Pediatría, membro da Sociedade Alemá de Pediatría, membro extraordinario da Sociedade Suíza de Pediatría, membro de honra da Asociación Española para o Estudo dos Erros Conxénitos do Metabolismo, *advisory expert* de Farmacoloxía da Asociación Internacional de Pediatría, membro da Asociación Estranxeira da Clínica Pediátrica War Memorial, director médico do Plan de prevención da subnormalidade, membro do Comité Asesor de Enfermidades Inmunoprevibles (Sanidade, Xunta de Galicia) e membro do Consello da Fundación Heinz Kochoras.

Quero singularizar, dada a miña dedicación preferente, que durante a súa Presidencia da AEP creou e impulsou o Comité Asesor de Vacinas da AEP, cando poucos intuían a súa transcendencia.

Participou activamente —moitas veces en calidade de invitado seleccionado— en 385 congresos e reunións españolas e en 199 congresos e reunións internacionais, con relatorios, mesas redondas e comunicacións científicas.

Pronunciou preto de 300 conferencias en España e noutros países, como Lyon, Bruxelas, Giessen, Bonn, Hamburgo, Milán ou San Juan de Porto Rico. E fíxoo cunha particularidade: cando tomaba a palabra ante un auditorio, non só tiña sempre algo novo e importante que comunicar, senón que sabía facelo con mestría. O seu estilo era claro e accesible, apoiado nunha base documental ampla, contrastada e actualizada, e apoiado, ademais, pola súa vasta experiencia.

O doutor Peña foi un exemplo preclaro do que significa, en verdade, ser mestre; daqueles que saben ensinar e que o fan con vocación e excelencia. O seu labor docente e formativo foi inmenso, reflectido e recoñecido en máis de 300 pediatras, máis de 300 médicos puericultores, máis de 2.000 diplomados auxiliares e profesionais da enfermería de puericultura e máis de 20.000 médicos. Foron —ou son— discípulos seus nove catedráticos de Pediatría (número que hoxe poderíamos elevar a doce, pois os tres últimos considerámonos, polo menos en gran parte, formados e impulsados polo mestre), así como dezaioito profesores adxuntos ou titulares de Pediatría.

Ao longo da súa traxectoria, dirixiu vinte e cinco teses de doutoramento e noventa e cinco memorias de licenciatura, todas distinguidas coa máxima cualificación. O seu compromiso coa excelencia e a súa inesgotable vocación formadora reflíctense no éxito dos seus discípulos, varios dos cales obtiveron o premio extraordinario, testemuño do impacto profundo do seu labor de guía e do seu inspirador labor académico.

A sociedade e as institucións premiaron o seu inxente traballo con importantes recoñecementos e distincións. Velaquí algúns: Encomenda e Gran Cruz da Orde Civil de Sanidade, Medalla Castelao de Galicia, Medalla ao Mérito Sanitario de Galicia, Premio Novoa Santos, Medalla de Ouro e Brillantes do Colexio Oficial de Médicos da Coruña, Insignia de Ouro da Sociedade de Pediatría de Galicia, Insignia de Ouro da Asociación de Fenilcetonuria, Fillo Fredilecto de Láncara...

Así mesmo, no ano 2017, coincidindo co Congreso Nacional da Asociación Española de Pediatría, realizado en Santiago, recibiu unha cálida e merecida homenaxe.

Tamén foi recoñecido por distintas academias de medicina e foi elixido académico de número da Real Academia de Medicina de Galicia, académico correspondente da Real Academia Nacional de Medicina, académico corres-

pondente da Real Academia de Medicina de Asturias e membro de honra das Academias de Medicina de Ourense, Santiago e Vigo.

Ingresou nesta Real Academia de Medicina de Galicia o 16 de abril de 1982, como académico numerario. O tema do seu discurso foi “Galicia, vitamina D e raquitismo”. Deulle a contestación preceptiva o seu compañeiro e amigo, o profesor Manuel Sánchez Salorio. A súa segunda intervención nesta Corporación sería o 2 de xullo dese mesmo ano para dar réplica ao discurso de recepción do meu pai como numerario. Despois virían moitas e importantes achegas, entre as que quero destacar o discurso inaugural do curso 1998-1999, co tema “Nenos, saúde e futuro. O problema de Galicia”. Pasou a académico emérito o 20 de xaneiro de 2022. En resumo, pode afirmarse que as súas achegas á ciencia e aos fins desta Academia cumpriron sobradamente coas responsabilidades asumidas ante esta institución. Con todo, será sen dúbida o noso presidente quen se referirá a iso máis polo miúdo.

En 1996, coincidindo co traslado ao novo Hospital Clínico Universitario de Santiago, situado na Choupana, o profesor Peña alcanzou a xubilación. Foi entón cando un dos seus discípulos, o profesor Rafael Tojo Sierra, asumiu a xefatura do Departamento de Pediatría de Santiago. Pola súa vez, en 2009, sucedeu no cargo o meu querido tío e mestre, o profesor José María Martín Sánchez, a quen tanto lle debo e a quen nunca lle poderei corresponder. El foi quen deu continuidade ao que o propio profesor Peña definiu no seu día como a Marca Martín, unha forma de entender a pediatría desde o rigor, o compromiso e a proximidade. Estou convencido de que, fiel á súa humildade e xenerosidade, non lle incomoda que hoxe ocupemos esta tribuna; ao contrario, sabemos que lle produce unha fonda, serena e silenciosa satisfacción.

Tras superar os setenta anos, o profesor Peña evitaba ao principio calquera conversación sobre a xubilación ou asuntos relacionados. Agradeceu e non aceptou homenaxes ou despedidas que o vinculasen co retiro, aínda que despois, inevitablemente, llos impuxeron. Continuou tan dinámico como facía vinte, trinta ou máis anos. Ao ser consciente de que aínda era máis solicitado, volvía cada tarde á súa consulta da rúa Senra, onde solucionaba o que outros non podíamos. Alí exercía como pediatra puro, sensible ás doenzas dos seus pequenos pacientes e ás inquietudes dos seus pais.

Nos últimos anos, o mestre quedou só no seu maxisterio. Pertencía a unha xeración xa desaparecida. El era o exemplo preclaro do que significa ser mestre de xeracións de médicos a quen lles ensinou con xenerosidade e aos

que despois viu exercer con eficacia e éxito a súa profesión. Tamén puido ver como non poucos dos seus discípulos chegaban á xubilación. E como a vida non perdoa, asistiu, con suma tristeza, ao cabo da vida dalgúns dos que foran os seus antigos alumnos.

Polas súas mans pasaron innumerables nenos enfermos aos que lle devolveu a saúde mentres a vida pasaba e foi testemuña de como aqueles que foron os seus pequenos pacientes se convertían en adultos —algúns, mesmo, seguiron o seu exemplo e convertéronse en pediatras—.

Cando chegou aos oitenta anos, decidiu deixar a actividade profesional privada —creo que máis por esixencias externas que por vontade propia—. Con todo, aínda que xa recibira todos os recoñecementos e honras, por pura vocación e paixón, seguiu estudando e acudindo ao hospital cada día, participando en actividades científicas, formando parte de tribunais, dirixindo teses e, sobre todo, ensinando e aconsellando. En fin, continuou sendo o mestre de sempre: de mente áxil, que busca invariablemente o entendemento e clarifica o máis confuso. Que sorte ter un mestre a quen lle poder preguntar!

Era o último da súa xeración que permanecía en activo. E, aínda que era o último, non estaba só no seu maxisterio, xa que o rodeaban a admiración e o agarimo, así como o recoñecemento das novas xeracións de pediatras.

O profesor Peña Guitián non ensinaba só pediatría, ensinaba un modo de ser médico. O seu lema implícito era “ser rigoroso, pero ser humano”. Esixía excelencia, pero tamén ensinaba humildade. No meu caso persoal, ensinome que había que rodearse de xente máis lista ca un, que te estimule e que te saque da zona de confort, que che lembre as túas limitacións. Esa filosofía, que aprendín del e tamén do meu pai e do meu tío, seguina ao pé da letra.

Recordo como en congresos, tras sesións maratonianas, aínda tiña enerxía para comentar a última publicación de *The Lancet* ou para animar a un residente a escribir o seu primeiro artigo. Esa proximidade, esa xenerosidade intelectual, marcaron toda unha xeración.

Nunca esquecerei a súa última sesión maxistral no *estadillo*, o 16 de outubro de 2013. Foi un relato vivo, tecido con anécdotas clínicas sacadas da súa propia experiencia, cargadas de humanidade e sabedoría. A sala encheuse ata desbordarse, ninguén quería perder aquela despedida non anunciada. O mestre reviviu a súa traxectoria profesional cun agudo sentido do humor, pero sen renunciar nin por un instante ao rigor científico que sempre o definiu.

Teño moi claro o meu compromiso como continuador do profesor Peña. Hoxe, ao ocupar as posicións que el levantou, sinto non só orgullo, senón responsabilidade. El deume exemplo de como un servizo, unha cátedra ou unha cadeira académica non son títulos, senón ferramentas para transformar a realidade. Sinto o seu legado como un mandato: manter a excelencia, defender a pediatría galega e española e apostar pola investigación e a docencia co mesmo rigor e a mesma humanidade que el imprimiu.

O profesor Peña é memoria viva. Hoxe non só o lembramos, celebrámolo. Porque, como xa se expresou, homes coma el non morren de todo. Permanecen nos nenos que foron atendidos con rigor e tenrura, nos pediatras que formou e nos valores que sementou e que seguen dando froito. Permanece tamén na miña propia vida, en cada decisión profesional e académica que tomo, coa súa voz resoando no recordo. E non teño dúbidas ao dicir que logrou algo aínda máis profundo: unir dúas familias que hoxe se queren para sempre.

E, por encima de todo, foi un home bo. A propósito dunha afirmación semellante, Gregorio Marañón expresou: “Cando se pode dicir iso dun home, sobra todo o demais”.

Profesor Peña Guitián, mestre, colega, amigo e guía: grazas polo teu maxisterio, a túa complicidade e o teu exemplo. Descansa en paz.

DIXEMOS.

DISCURSO DO EXCMO. SR. FRANCISCO MARTELO VILLAR, PRESIDENTE DA RAMG

Tempo de posguerra. Década de 1940. José Peña Guitián, un mozo nado na aldea de Armillán, que na actualidade ten seis habitantes, na parroquia de Toldaos, concello de Láncara en Lugo, chega a unha universidade provincial. A capacidade intelectual modula o seu esforzo, ata chegar a convertelo, co paso dos anos, nunha das figuras máis relevantes da pediatría en España con gran repercusión internacional.

Nesta solemne sesión *in memoriam*, a Real Academia de Medicina de Galicia quere homenaxealo como académico titular que foi da cadeira de Pediatría. Moitas grazas aos ilustrísimos señores Martín Sánchez e Martín Torres, actuais académicos da especialidade, polos seus discursos brillantes e próximos, guiados por un sincero recoñecemento e aprecio.

Lembrar é volver pasar o vivido polo corazón, dicía Manuel Sánchez Salorio, outra personalidade, moi próxima a el, na Facultade de Medicina de Compostela e na Real Academia de Medicina de Galicia.

Pensar co corazón é guiarse polas emocións e Peña tiña, tamén, unha grande intelixencia emocional. A primeira vez que o escoitei foi en 1965, no Colexio Maior da Estila, cunha conferencia titulada “Perspectivas da carreira de Medicina”. Vaga de autoestima e ilusión para todos os estudantes. Iamos ser felices, como futuros médicos, se amamos a medicina e buscamos o mellor para os nosos pacientes.

Para Peña, o neno enfermo era o eixe da súa vida. Unha necesidade esencial. Aínda que era máis coñecido polas súas investigacións sobre o crecemento infantil, os trastornos endócrinos e metabólicos, foi clave no desenvolvemento da normativa encamiñada a conseguir o crecemento e o desenvolvemento adecuado da poboación infantil española; o seu verdadeiro esforzo centrouse en conseguir un tratamento máis humano dos nenos enfermos e das súas familias. A Real Academia de Medicina de Galicia foi un dos foros que utilizou para lles difundir aos médicos non pediatras o seu coñecemento e a planificación da asistencia pediátrica.

Pronunciou o seu discurso de ingreso o 16 de abril de 1982, co tema “Galicia, vitamina D e raquitismo”, no cal, tras glosar todos os estudos sobre esta última enfermidade carencial, subliñou a transcendencia da Academia como o lugar desde onde reiterar que a persistencia do raquitismo non se debía a factores económicos ou científicos, senón a motivos sociolóxicos e culturais, da man da insuficiente educación sanitaria.

A partir dese momento, chegaron á Real Academia de Medicina de Galicia algúns dos seus discípulos coa mesma fe en desenvolver as subespecialidades e en conseguir a mellor asistencia dos nenos na terra que pisan.

O 30 de xaneiro de 1998 pronunciou o discurso inaugural dese ano titulado “Nenos, saúde e futuro. De novo o problema dos nenos e Galicia”. Tiña moi claro, como curador, pero sobre todo como solícito coidador dos nenos, que a educación sanitaria non só ensina a previr enfermidades, senón tamén a coidar dos demais.

Non sería capaz de lles facer chegar a vostedes unha mellor homenaxe para o doutor Peña que a que el mesmo lle dedicou aquí no discurso *in memoriam* ao seu amigo Manuel Moreno de Orbe, o primeiro cirurxián infantil en Galicia. Dixo: “Non debemos estar tristes. A vida é a obra mestra de cada

un”. “Unha vida como a que glosamos non pon punto final cando deixa de latexar o corazón, senón que segue vivindo no tempo e no recordo dos seus discípulos médicos, dos nenos que tratou, dos amigos que tivo, dos seus familiares aos que tanto quixo e dos académicos desta corporación a quen, con emoción e agarimo, lles rendemos esta homenaxe”.

Querida Beatriz, Patricia, Carlos e Diego sabedes moi ben o que José foi para a vosa familia, como esposo, como pai, como avó ou como parente próximo e querido, pero necesitamos dicirvos que nós, na Real Academia de Medicina de Galicia, o lembraremos sempre como un verdadeiro amigo e mestre.

A influencia dun gran mestre, como o profesor e académico José Peña Guitián, nunca esvaece, segue brillando nas vidas dos seus familiares, dos seus amigos e compañeiros e dos seus pacientes, e transmítese, como quedou reflectido hoxe aquí, a través dos seus brillantes, fieis e fervorosos discípulos. É algo que resume ben a frase de autor anónimo: “O verdadeiro mestre non só ensina, senón que inspira, acompaña e transforma”. Será así para sempre.

Moitas grazas.

Dixen.



► Na mesa presidencial, de esquerda a dereita: Dr. Federico Martinón Torres, académico numerario de Pediatría; Dr. Carlos Acuña Castroviejo, vicepresidente; Dr. Francisco Martelo Villar, presidente; Dr. Alberto Juffé Stein, secretario xeral da RAMG, e Dr. Federico Martinón Sánchez, académico numerario de Pediatría.



► *La Voz de Galicia*, 7 de novembro de 2025.

V

ARQUIVO-BIBLIOTECA
HISTÓRICA DA RAMG



■ 5.1. ARQUIVO-FONDO HISTÓRICO DA RAMG

Os documentos históricos da Real Academia de Medicina de Galicia datan de hai máis de douscentos anos, nos que permaneceu en completo abandono: atopábanse en moi mal estado de conservación e sen clasificar nin inventariar. Procedeuse a organizar os documentos do arquivo, o que supuxo identificar, clasificar e ordenalos, malia que algúns deles estaban moi deteriorados, o que requiriu un traballo de limpeza e restauración importante. Nunca antes se reparou na necesidade de conservar o patrimonio histórico, tan importante para a nosa corporación.

Entre os documentos atopados no arquivo, podemos destacar:

1. Expedientes de reválida para exercer a medicina de 1813.
2. Oficios remitidos e recibidos do ano 1826.
3. Nómina de médicos segundo o distrito ou entidade á que pertencen do ano 1826.
4. Memorias e discursos de 1831.

A restauración realizouna Sobiga (Xestores de patrimonio) e os señores Marcelino Abuín Duro e Marcelo Abuín Sanjuan. Comezáronse os traballos de clasificación e limpeza dos documentos antigos o 1 de setembro de 2025.

A primeira fase concluíu. O 27 de novembro de 2025, D. Marcelino Abuín Duro reuniuse co Dr. Alberto Juffé Stein e fíxolle entrega de tres documentos encadernados en espiral:

1. Memoria dos traballos realizados por Sobiga, SL na Real Academia de Medicina de Galicia.
2. Un arquivo topográfico (213 páxinas).
3. Un arquivo de series (146 páxinas).

O Dr. Alberto Juffe Stein escribiu unha memoria de todo o cambio que se realizou na RAMG desde o 1 de setembro ao 1 de decembro de 2025.

Todos os informes realizados por D. Marcelino Abuín e polo Dr. Alberto Juffe gardaranse nun cartafol no arquivo histórico da Academia.

■ 5.2. BIBLIOTECA HISTÓRICA DA RAMG

O labor desinteresado realizado polo doutor Carlos González Guitián foi fundamental. Desde o primeiro momento, incorporouse ao proxecto coa súa experiencia e capacidade de traballo. Convén salientar que, sen esta axuda, a actualización da Biblioteca Histórica non sería posible.

O 27 de agosto de 2025 escribiuse o protocolo que imos seguir na biblioteca da Academia, no que se definirá que tipo de biblioteca queremos e como se realizará o expurgo da actual biblioteca.

Decídese que libros, revistas e demais documentos se conservarán, co asesoramento do Dr. Carlos González Guitián.

Comezouse o expurgo o 1 de setembro de 2025. É un traballo intenso que levou consigo a reorganización de toda a Academia.

En tres meses, logramos expurgar un total de 5.180 unidades, entre libros, memorias, discursos e demais.

Cada libro ou documento tivo unha tripla valoración: a primeira foi realizada polo doutor Carlos González Guitián, a segunda por Alberto Juffé Stein e a terceira por Ana Obelleiro Veiguela, coa colaboración de María Luisa Moscoso Suárez.

O traballo foi duro, pero logramos ter un arquivo-biblioteca de gran calidade, aplicando o protocolo que acordamos previamente.

A segunda fase proposta por Sobiga, SL é clasificar todos os libros, revistas e demais documentos da nosa biblioteca e subir todo ese material á Rede para consultas.

Realizarase unha selección de fondo, limpeza, descrición bibliográfica/indicación de fondo bibliográfico, clasificación segundo CDU, ordenación de fondo documental e demais.

Clasificaranse ao redor de 7.500 exemplares nun tempo de 8 meses, e para iso necesitarase dun técnico e dun auxiliar.

A biblioteca municipal ten un fondo antigo de libros de medicina do século XIX (162 libros). D.^a Isabel Blanco, directora das Redes de Bibliotecas Municipais da Coruña, móstrase disposta a deixalo en depósito á Academia, como un paso previo á doazón. Para isto habería que asinar un convenio entre o Concello da Coruña e a RAMG.

Solicitóuselles a todas as académicas e académicos numerarios que colaborasen co Arquivo-Biblioteca Histórica achegando:

1. Fotos anteriores ao ano 2000.
2. Todos os libros de medicina previos ao ano 1960.
3. Libros de medicina publicados por médicos galegos ata a actualidade.

Comezaríase a segunda fase en xaneiro de 2026, coa clasificación dos libros por temas, segundo o protocolo establecido.

Doazón de libros e revistas:

D.^a Mercedes Gutiérrez Moyano Zimmermann, o 31 de outubro de 2024, doou a colección completa, encadernada, da revista *Galicia Clínica* (1929 a 1992), composta por 60 tomos.

Dos corenta e catro académicos numerarios actuais, só seis doaron libros á nosa nova biblioteca antiga: D. Jesús Pino Mínguez, D. José Luis Rodríguez Villamil-Fernández, D. Carlos Acuña Castroviejo, D. Francisco Gómez-Ulla de Irazazabal, D. Francisco Martelo Villar e D. Alberto Juffé Stein.

■ 5.3 TRABALLOS DE SECRETARÍA

- a) Ana Obelleiro recompilou o PDF das memorias do 2011 ao 2024 e os discursos de ingreso en PDF de vinte e oito académicos, faltan por tanto quince académicos que non enviaron o seu discurso de ingreso en PDF.
- b) Luisa Moscoso está a traballar desde hai máis dun ano para actualizar a vida académica das académicas e académicos numerarios da Real Academia de Medicina de Galicia desde 1831 a 2025. Na actualidade, leva escritas 284 páxinas e continuamos recompilando información.
- c) O Dr. Carlos González Guitián entregoulle á RAMG os datos dos académicos do século XIX, que se incorporaron á listaxe xeral.
- d) Estamos a ordenar e clasificar o arquivo fotográfico da Academia.

Necesitaremos o apoio de todos os membros numerarios para completar a maior información posible de todas as académicas e académicos numerarios desde 1831.

Ademais, cada académico numerario, emérito, de honra ou académico falecido ten un cartafol dixital e outro en papel, onde está arquivada a súa biografía, currículo, publicacións e demais. Se o cren conveniente, cada un dos académicos numerarios pode completar a súa vida académica, e para iso debe achegarlle os datos que crea oportunos á Secretaría da nosa Academia.

VI

PUBLICACIONES



■ PUBLICACIÓNS DA RAMG

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ANO 2024. Dr. Alberto Juffé Stein.

UNHA APROXIMACIÓN Á “VELLEZ” DESDE A CIENCIA E A CONCIENCIA. Discurso para a recepción pública do académico electo de Xeriatria Ilmo. Sr. José Luis Rodríguez Villamil Fernández e discurso de contestación a cargo do académico numerario Ilmo. Sr. Jorge Teijeiro Vidal, titular da cadeira de Radioloxía. 2 de maio de 2025.

ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN MILITAR, MÁIS DUN SÉCULO AO SERVIZO DE ESPAÑA. Discurso de recepción como académico correspondente do Dr. Ricardo Navarro Suay. *Laudatio* a cargo do académico numerario Ilmo. Sr. José Luis García Alcón, titular da cadeira de Medicina Militar. 22 de maio de 2025.

A VELOCIDADE DE SEDIMENTACIÓN GLOBULAR E OUTRAS VELOCIDADES. Discurso de recepción pública do académico electo de Medicina Interna Ilmo. Sr. Arturo González Quintela e discurso de contestación a cargo da académica numeraria Ilma. Sra. María Teresa Jorge Mora, titular da cadeira de Medicina Física e Rehabilitación. 13 de xuño de 2025.

A TERAPIA CAR-T: A REVOLUCIÓN EN ONCOHEMATOLOXÍA E MÁIS ALÁ. Discurso de recepción pública do académico electo de Hematoloxía e Hemoterapia Ilmo. Sr. José Luis Bello López e discurso de contestación a cargo do académico numerario, titular da cadeira de Neuroloxía Ilmo. Sr. Manuel Noya García. 28 de novembro de 2025.

■ RELACIÓN DE PUBLICACIÓNS EN MEDIOS DIVERSOS POLOS ACADÉMICOS NUMERARIOS

MARTELO VILLAR, Francisco

- *La Voz de Galicia*, 23 de xaneiro de 2025. “Medicina: decoro profesional”. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2025/01/23/medicina-decoro-profesional/0003_202501g23p14994.htm.

- ***La Voz de Galicia*, 11 de abril de 2025. “Doutor Peña Guitián, corazón belixerante”.**
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2025/04/11/doctor-pena-guitian-corazon-beligerante/0003_202504g11p14993.htm.
- ***La Voz de Galicia*, 13 de xuño de 2025. “Procrastinación. Facultade de Medicina na Coruña ou Vigo”.**
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2025/06/13/procrastinacion-facultad-medicina-coruna-vigo/0003_202506g13p26993.htm.
- ***La Voz de Galicia*, 12 de novembro de 2025. “A pantasma da euxe-nesia”.**
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2025/11/12/fantasma-eugenesia/0003_202511g12p16993.htm.
- ***La Voz de Galicia*, 19 de decembro de 2025. “Descentralización do grao de medicina”.**
<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2025/12/19/descentralizacion-grado-medicina/00031766135905563103177.htm>.

JUFFÉ STEIN, Alberto

PUBLICACIONES

- “Un xigante, un mestre da cirurxía cardíaca pediátrica, unha boa persoa, pero sobre todo un gran amigo”. *In memoriam* ao Dr. Claudio Zavanella Bota. *Cirurgía Cardiovascular* 32:229, 2025.
- ***La Voz de Galicia*, 18 de maio de 2025. “Falece Claudio Zavanella, o doutor que trouxo a cirurxía cardíaca infantil a Galicia”.**
<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2025/05/17/fallece-claudio-zavanella-doctor-trajo-cirurgia-cardiaca-infantil-galicia/00031747473908343124746.htm>.
- ***La opinión*, 18 de maio de 2025. “Falece o doutor Claudio Zavanella, o impulsor da cirurxía cardíaca neonatal e pediátrica en Galicia”.**
<https://www.laopinioncoruna.es/sociedad/2025/05/17/fallece-impulsor-cirurgia-cardiaca-neonatal-117509311.html>.
- Memoria do arquivo-biblioteca histórica da Real Academia de Medicina de Galicia. 1 de decembro de 2025.

RELATORIOS

- “Retos na asistencia de pacientes con cardiopatía conxénita a través de ONG”. Hospital Materno-Infantil. A Coruña. 28 de novembro de 2025.

REGUEIRO GARCÍA, Benito José

- PMID: 40243564.
Subgenomic RNA and Limited Cros-Reactive Neutralising Antibodies Point to Potential Improvements in SARS-CoV-2 Clinical Handling. Davina Núñez C, Pérez Castro S, Cabrera Alvargonzález JJ, González Alonso E, Silva Bea S, Rodríguez Pérez M, Figueroa Lamas MDP, Pérez González A, Del Campo V, Rojas A, Mendoza J, **Regueiro García B**. *Int J Mol Sci*. 2025 Mar 24;26(7):2948. doi: 10.3390/ijms26072948. PMID: 40243564 Free PMC article.
Remove from clipboard.
Cite.
- PMID: 39046827.
Comparative analysis of eleven SARS-CoV-2 immunoassays and neutralisation data: time to enhance standardisation and correlation of protection. Cabrera Alvargonzález JJ, Davina Núñez C, Rey Cao S, Rodríguez Calviño L, Silva Bea S, González Alonso E, Carballo Fernández R, Lameiro Vilariño C, Cortizo Vidal S, Valiño Prieto P, Rodríguez Pérez M, Pérez Castro S, López Miragaya I, Fernández Nogueira A, Del Campo Pérez V, **Regueiro García B**. *Infect Dis (Lond)*. 2024 Dec;56(12):1067-1079. doi: 10.1080/23744235.2024.2382263. Epub 2024 Jul 24. PMID: 39046827 Free article.
Remove from clipboard.
Cite.
- PMID: 39580721.
A Contemporary Picture of Coagulase-Negative Staphylococcal Endocarditis: A Nationwide GAMES Cohort Study. Palom Grau C, Cuervo G, Muñoz P, Marín Arriaza M, Martínez Sellés M, González Ramallo V, de Alarcón A, Poyato Borrego M, Rodríguez García R, Rodríguez Esteban M, Fariñas MC, González Rico C, Goenaga M, Ojeda Burgos G, Goikoetxea Agirre AJ, Calderón Parra J, López Azor JC, García Vázquez E, Loeches B, Quintana E, García da María C, Llopis J, Miró JM; GAMES Investigators. *J Am Coll Cardiol*. 2025 Feb 4;85(4):305-318. doi: 10.1016/j.jacc.2024.09.027. Epub 2024 Nov 22. PMID: 39580721.
Remove from clipboard.
Cite.

- PMID: 40169014.
Body mass index and prognosis of infective endocarditis.
Frías García R, Muñoz García P, Machado Vilchez M, Cuerpo Caballero G, Rodríguez García R, Rodríguez Esteban M, Fariñas Álvarez MC, Miró Meda JM, Gutiérrez Villanueva A, Ojeda Burgos G, Goikoetxea Agirre AJ, Bernal Palacios M, Martínez Sellés M; Spanish Collaboration on Endocarditis-Grupo de Apoio ao Manexo da Endocardite Infecciosa en España (GAMES); Spanish Collaboration on Endocarditis-Grupo de Apoio ao Manejo da Endocarditis Infecciosa en España (GAMES. *Infect Dis (Lond)*. 2025 Aug;57(8):793-800. doi: 10.1080/23744235.2025.2481914. Epub 2025 Apr 1. PMID: 40169014.
Remove from clipboard.
Cite.
- PMID: 40571490.
First year after surgery is the optimal period to define early prosthetic valve endocarditis: a cohort study.
Calderón Parra J, Escrihuela F, Cuervo G, López Azor JC, Muñoz P, Machado M, Marín M, Rodríguez Esteban M, Rodríguez García R, Gutiérrez F, Miró Meda JM, Goenaga M, Goikoetxea Agirre J, de Alarcón A, Vidal Bonnet L, Ramos Martínez A; GAMES Investigators. *Open Heart*. 2025 Jun 26;12(1): e003378. doi: 10.1136/openhrt-2025-003378. PMID: 40571490 Free PMC article.

CASANUEVA FREIJO, Felipe

- Consensus on acromegaly therapeutic outcomes: an update.
Melmed S, di Filippo L, Fleseriu M, Mercado M, Karavitaki N, Gurnell M, Salvatori R, Tsagarakis S, Losa M, Maffei P, Pereira AM, Geer EB, Katznelson L, van der Lely AJ, Bollerslev J, Espósito D, Webb SM, Zatelli MC, Valassi E, Neggers S, Chanson P, Ho KKY, Ioachimescu AG/AG, Biller BMK, Samson SL, Kaiser UB, Schilbach K, Luque RM, **Casanueva FF**, Shimon I, Boguszewski CL, Biermasz N, Colao A, Pirchio R, Lamberts SWJ, Kadioglu P, Buchfelder M, Frara S, Chiloiro S, Petersenn S, Gadelha MR, Puig-Domingo M, Luger A, Brue T, Beckers A, Ferone D, Clemmons DR, Greenman E, Marazuela M, Mortini P, Strasburger CJ, Giustina A. *Nature Reviews Endocrinology*. 2025 Nov;21(11):718-737.
- Emerging evidence and potential avenues to achieve durable outcomes in patients with obesity: the confluence of nutrition, and Microbiome on body composition.

Correia DMITD, Kapoor N, Chávez Manzanera E, Gowdak LHW, Kharusi AA, **Casanueva FF**, Halpern B, Frost G, Aldahash R.

Reviews in Endocrine and Metabolic Disorders. 2025 Oct;26(5):745-758.

3. The relationship between hypoprolactinemia and cardiometabolic health in women.

Han TS, Hannemann A, Arffman R, Friedrich N, Ittermann T, Wilkening R, Piltonen T, Fry CH, Crujeiras AB, **Casanueva FF**.

European Journal of Endocrinology. 2025 Apr 30;192(5):662-670.

- The relationship between hypoprolactinemia and cardiometabolic health in women.

Han TS, Hannemann A, Arffman R, Friedrich N, Ittermann T, Wilkening R, Piltonen T, Fry CH, Crujeiras AB, **Casanueva FF**.

European Journal of Endocrinology. 2025 Apr 30;192(5):662-670.

- Epigenetic Aging Acceleration in Obesity Is Slowed Down by Nutritional Ketosis Following Very Low-Calorie Ketogenic Diet (VLCKD): A New Perspective to Reverse Biological Age. Izquierdo AG, Lorenzo PM, Costa Fraga N, Primo Martin D, Rodríguez Carnero G, Nicoletti CF, Martínez JA, **Casanueva FF**, de Luis D, Díaz Lagares A, Crujeiras AB. Nutrients. 2025 Mar 18;17(6):1060.

- Obesity-related osteopontin protein and methylation blood levels are differentially modulated by a very low-calorie ketogenic diet or bariatric surgery.

Lorenzo PM, Izquierdo AG, Sajoux I, Núñez García M, Gómez Arbelaez D, Zulet MA, Abete I, Baltar J, de Luis D, Tinahones FJ, Martínez JA, **Casanueva FF**, Crujeiras AB. Clinical Nutrition. 2025 Apr; 47:40-49.

- Hypothalamic GHRH.

Diéguez C, López M, **Casanueva F**.

Reviews in Endocrine and Metabolic Disorders. 2025 Jun;26(3):297-303.

- Medical management pathways for Cushing's disease in pituitary tumors centers of excellence (PTCOEs).

Giustina A, Uygur MM, Frara S, Barkan A, Biermasz NR, Chanson P, Freda P, Gadelha M, Haberbosch L, Kaiser UB, Lamberts S, Laws E, Nachtigall LB, Popovic V, Schilbach K, Lely AJV, Wass JAH, Melmed S, **Casanueva FF**.

Pituitary. 2025 Jan 29;28(1):23.

RUIBAL MORELL, Álvaro

ARTIGOS PUBLICADOS

- Model to predict the risk of cardiac death based on clinical characteristics and Gated-SPECT parameters.
Rodríguez Cabalé G, Rodríguez Cabalé E, Bubul Núñez V, **Ruibal Morell**. Rev Esp Med Nucl Imaxe Mol (Engl Ed). 2025 Apr 7:500132. doi: 10.1016/j.remnie.2025.500132. On line ahead of print.
- Longitudinal [18F]FMISO PET evaluation of hypoxic tissue in a rat model of hindlimb ischemia.
Gómez Lado N, Rey Bretal D, Piñeiro Fiel M, Díaz Platas L, Medin Aveza S, Fernández Ferreiro A, **Ruibal A**, Pubul V, Caicedo D, Aguiar P. Molecular Pharmaceutics (en prensa).

CONFERENCIAS/RELATORIOS

- XIII MÁSTER DE ESPECIALIZACION EN SENOXÍA-PATOXÍA MAMARIA 2025-2026.
FEMA - UNIVERSIDADE DE SAN PABLO - CEU. Madrid.
A. Ruibal:
“Aspectos biolóxicos das radiacións ionizantes e o seu interese clínico”.
14 de outubro de 2025.
“Radiosensibilidade e dosimetría”.
15 de outubro de 2025.
“Bioloxía dos procesos malignos da mama”.
15 de decembro de 2025.
“Heteroxeneidade tumoral e imaxe”.
11 de decembro de 2025.
“Novos aspectos biolóxicos I (mRNA, microcalcificacións, densidade mamaria)”.
12 de decembro de 2025.
“Novos aspectos biolóxicos II (microbioma, microbioma intratumoral, proteómica, microbiótica)”.
12 de decembro de 2025.

MODERADOR DE SESIÓNS

- XIII MASTER DE ESPECIALIZACIÓN EN SENOXIA-PATOXÍA MAMARIA 2025-2026.
FEMA - UNIVERSIDADE DE SAN PABLO - CEU. Madrid.
A. Ruibal.

MÓDULO IX. Aspectos biolóxicos do cancro de mama. II.
12 de decembro de 2025.

OUTROS FEITOS

- Diploma Sénior IV Ciclo. USC.

GONZÁLEZ MARTÍN, Marcelino

- Transplante renal en Galicia. Campaña informativa 1982.
- Medicina Preventiva e cancro.

GONZÁLEZ JUANATEY, José Ramón

ARTIGOS

- Sánchez López D, García Vega D, Viñuela JE, Ferreirós Vidal I, Iglesias Álvarez D, Martínez Cereijo JM, Reija López L, Fernández González Á., **González Juanatey JR**, Eiras S. FABP4, marker of worse prognosis in cardiovascular disease, induces neutrophil's proatherogenic phenotype which is modulated by semaglutide. *J Mol Cell Cardiol.* 2025 Nov 1: S0022-2828(25)00193-2. doi: 10.1016/j.yjmcc.2025.10.009. Epub ahead of print. PMID: 41183609.
- Seijas Amigo J, Salgado Barreira Á, Castelo Domínguez R, Pérez Álvarez MT, Ponce Piñón B, Fernández Silva M, Rodríguez Barreiro M, Pereira Pía M, Iglesias Moreno JM, Gago García M, Montáns García R, Fernández Pérez A, Fraga Gayoso D, Fernández Montenegro M, Riveiro Barciela B, Rilla Villar N, Cardeso Paredes B, Ribeiro Ferreiro M, Rodríguez Penas D, Cordero A, Rodríguez Mañero M, **González Juanatey JR**; SEVERAL INVESTIGATORS. Effects of GLP-1 agonists on 10-year cardiovascular risk reduction in primary prevention: A 44-week open label prospective study. *Diabetes Metab Syndr.* 2025 Oct 19;19(9):103312. doi: 10.1016/j.dsx.2025.103312. Epub ahead of print. PMID: 41129847.
- Moscoso I, Serrano Cruz V, Cebro Márquez M, Vilar Sánchez ME, Vidal Abeijón I, Brion M, Blanco Vereá A, Martínez Campelo L, Feijoo Bandín S, Jiménez Ramos V, Gimeno Blanes JR, Sabater Molina M, Jiménez Jáimez J, **González Juanatey JR**, Rodríguez Mañero M, Lage R. Epigenetic regulation of electromechanical continuity might determine phenotypic heterogeneity in SCN5A mutation carriers in Brugada syndrome. *Sci Rep.* 2025 Oct 22;15(1):36885. doi: 10.1038/s41598-025-20972-0. PMID: 41125679; PMCID: PMC12546910.

- Bonanad Lozano C, García Blas S, Amat Santos I, González Manzanares R, Sanchís J, López Otero D, Nombela Franco L, Gheorge L, Sanz Sánchez J, Baladrón Zorita C, Iñiguez Romo A, Muñoz García AJ, Vilalta V, Ojeda S, Veiga Fernández G, Córdoba Soriano JG, Cepas P, Sandín Rollán M, Ríos XF, Palma Carbajal R, Martín Reyes R, Romaguera R, Avanzas P, Franco Peláez JA, Martín Moreiras J, **González Juanatey JR**, Tirado G, Rúa G, Díez JL, Santos Martínez S, Domínguez Erquicia P, García EM, Fernández Nofrerías E, López País J, Gonzalo N, Barri AG/AG, Asmarats L, López Pérez M, Domínguez Rodríguez LM, Cobo M, González Bermúdez I, García Álvarez A, García Pavía P, Fuster V, Ibáñez B, Raposeiras Roubín S. Effect of Dapagliflozin on Quality of Life of Patients With Aortic Stenosis Undergoing Transcatheter Aortic Valve Implantation. *J Am Coll Cardiol*. 2025 Oct 14;86(15):1128-1138. doi: 10.1016/j.jacc.2025.07.051. PMID: 41062227.
- Piñeiro D, **González Juanatey JR**, Abreu A, Álvarez EG, Ponte Negretti C, Weisser B, Parkhomenko A, Araújo F, Sosa Liprandi A. The Polypill (Acetyl Salicylic Acid, Atorvastatin, and Ramipril) Paradigm Shift in Secondary Prevention: Global Expert Delphi Consensus. *Glob Heart*. 2025 Sep 24;20(1):83. doi: 10.5334/gh.1466. PMID: 41019772; PMCID: PMC12466114.
- López Dequidt I, Eiras Penas S, González Maestro A, Peña Gil C, Rodríguez Castro E, Santamaría Cadavid M, Arias Rivas S, Rodríguez Yáñez M, Prieto González JM, **González Juanatey JR**, Martínez Monzonís A. Multiparametric assessment of atrial cardiopathy in cryptogenic stroke patients: Implications for personalized clinical management. *Eur Stroke J*. 2025 Sep 24;23969873251372773. doi: 10.1177/23969873251372773. Epub ahead of print. PMID: 40991416; PMCID: PMC12460322.
- Delgado Arijia M, Dolores García Cosío Carmena M, Martínez Sellés M, Guerra JM, Valdivielso S, **González Juanatey JR**, Rivas Lasarte M, Roselló Lletí E, Pérez Villacastín J, Carrasquer A, Matute Blanco L, Grande Trillo A, Crespo Leiro MG, Delgado JF, Martínez Dolz L; REDINSCOR III registry. Plasma metabolites in patients of the REDINSCOR III registry hospitalised for de novo heart failure with preserved ejection fraction: Prognostic implications of linoleamide and 2-trans, 4-cisdecadienoyl-carnitine levels. *Clin Transl Med*. 2025 Sep;15(9): e70398. doi: 10.1002/ctm2.70398. PMID: 40947803; PMCID: PMC12434174.

- Al Rubaye S, González Ferrero T, Rodríguez Pérez AI, Camacho Meño L, Labandeira García JL, Álvarez E, García Seara J, Bravo SB, **González Juanatey JR**, Rodríguez Mañero M, Eiras S. Plasma small extracellular vesicles: Markers and mediators of atrial scar, in patients with atrial fibrillation. *Heart Rhythm*. 2025 Sep 8: S1547-5271(25)02739-0. doi: 10.1016/j.hrthm.2025.07.058. Epub ahead of print. PMID: 40923957.
- Huded CP, Spertus JA, Jones PG, O'Brien SM, Mark DB, Bangalore S, Stone GW, Williams DO, White HD, Boden WE, Reynolds HR, Hochman JS, Maron DJ; ISCHEMIA Research Group. Health Status Outcomes With Percutaneous Coronary Intervention and Coronary Artery Bypass Grafting in ISCHEMIA. *Circulation*. 2025 Sep 23;152(12):846-858. doi: 10.1161/CIRCULATIONAHA.125.073591. Epub 2025 Sep 5. PMID: 40910165; PMCID: PMC12492304.
- Zannad F, O'Connor CM, Butler J, McMullan CJ, Anstrom KJ, Barash I, Bonaca MP, Borentain M, Corda S, Gates D, Ezekowitz JA, Hernández AF, Lam CSP, Lewis EF, Lindenfeld J, Mentz RJ, Ponikowski P, Reddy YNV, Rosano GMC, Saldarriaga C, Senni M, Teixeira PP, Udelson J, Urbinati A, Vlainic V, Voors AA, Xing A, Patel MJ, Armstrong PW; VICTORIA and VICTOR Study Groups. Vericiguat for patients with heart failure and reduced ejection fraction across the risk spectrum: an individual participant data analysis of the VICTORIA and VICTOR trials. *Lancet*. 2025 Sep 27;406(10510):1351-1362. doi: 10.1016/S0140-6736(25)01682-4. Epub 2025 Aug 30. PMID: 40897188.
- Ibáñez B, Latini R, Rossello X, Domínguez Rodríguez A, Fernández Vazquez F, Pelizzoni V, Sánchez PL, Anguita M, Barrabés JA, Raposeiras Roubín S, Pocock S, Escalera N, Staszewsky L, Pérez García CN, Díez Villanueva P, Pérez Rivera JA, Prada Delgado O, Owen R, Pizarro G, Caldes O, Gómez Talavera S, Tuñón J, Bianco M, Zarauza J, Vetrano A, Campos A, Martínez Huertas S, Bo H, Puentes M, Grigis G, Bonilla Palomas JL, Marco E, **González Juanatey JR**, Bangueses R, González Juanatey C, García Álvarez A, Ruiz García J, Carrasquer A, García Rubira JC, Pascual Figal D, Tomás Querol C, San Román JA, Baratta P, Agüero J, Martín Reyes R, Colivicchi F, Ortas Nadal R, Bazal P, Cordero A, Fernández Ortiz A, Basso P, González E, Poletti F, Bugani G, DeBiasio M, Cosmi D, Navazio A, Bermejo J, Tortorella G, Marini M, Botas J, da Torre Hernández JM, Ottani F, Fuster V; REBOOT-CNIC Investigators. Beta-Blockers after Myocardial Infarction without Reduced Ejection Fraction. *N*

Engl J Med. 2025 Aug 30. doi: 10.1056/NEJMoa2504735. Epub ahead of print. PMID: 40888702.

- De Juan Bagudá J, Severo Sánchez A, da Espriella R, Valero Masa MJ, García Vega D, de Antonio Ferrer M, Segura de la Cal T, Mollar A, García-Cosío Carmena MD, Martínez Dolz L, de la Cruz J, **González Juanatey JR**, Martínez Sellés M, Núñez J, Delgado Jiménez JF. Evaluation of carbohydrate antigen 125 in heart failure with preserved ejection fraction diagnose. *Heart*. 2025 Aug 28; heartjnl-2025-326053. doi: 10.1136/heartjnl-2025-326053. Epub ahead of print. PMID: 40877030.
- Habibovic M, Douma E, Schäfer H, Sestayo Fernández M, Roovers T, Sun X, Schmidt H, Kotewitsch M, Widdershoven J, Cantarero Prieto D, Mooren F, Pena Gil C, **González Juanatey JR**, Schmidt M, Malberg H, Tsakanikas V, Fotiadis D, Gatsios D, Bosch J, Kop WJ, Schmitz B. Patient-Centered Risk Prediction, Prevention, and Intervention Platform (TIMELY) to Support the Continuum of Care in Coronary Artery Disease Using eHealth and Artificial Intelligence: Protocol for a Randomized Controlled Trial. *JMIR Res Protoc*. 2025 Aug 14;14: e66283. doi: 10.2196/66283. PMID: 40812736; PMCID: PMC12395110.
- Vázquez Abuín X, Moraña Fernández S, Aragón Herrera A, Sandner P, Thomitzek K, García Seara J, Bravo SB, Otero Santiago M, de la Fuente López P, Tilves Bellas C, Rodrigues A, Gonçalves A, Pereira Morais J, Alves IN, Sousa Mendes C, Falcão Pires I, Tarazón E, Roselló Lletí E, Portolés M, Gualillo O, **González Juanatey JR**, Feijóo Bandín S, Lago F. Soluble guanylate cyclase stimulation improves cardiac function and mitochondrial activity in a rat model of early-stage heart failure with preserved ejection fraction. *Biomed Pharmacother*. 2025 Oct; 191:118439. doi: 10.1016/j.biopha.2025.118439. Epub 2025 Aug 12. PMID: 40795471.
- Trincado Ave M, Brión M, Blanco Vereá A, Gil A, Tilves C, Seoane Blanco A, Moure González M, García Rodeja F, de la Fuente P, **González Juanatey JR**, Rodríguez Mañero M. Relevance of CYP2D6 in the Efficacy and Toxicity of Flecainide in Patients With Atrial Fibrillation: A Cohort Study. *J Cardiovasc Pharmacol*. 2025 Oct 1;86(4):384-390. doi: 10.1097/FJC.0000000000001739. PMID: 40705539.
- Gaziano T, Castellano JM, Dymond A, Looby A, Mealing S, Owen R, Pocock S, **González Juanatey JR**, Cordero A, Fernández Ortiz A, Linhart A, Schiele F, Doehner W, Fernández O, Fuster V. Cost-effectiveness of the

CV-polypill strategy versus standard care for secondary cardiovascular prevention in Spain: an analysis based on the SECURE trial. *Lancet Reg Health Eur.* 2025 Jun 27; 55:101348. doi: 10.1016/j.lanepe.2025.101348. PMID: 40678039; PMCID: PMC12269512.

- Reyes Santias F, Portela Romero M, Rey Aldana D, Cinza Sanjurjo S, **González Juanatey JR**. Research on income inequalities by municipality and referrals from general practitioners to a cardiology department within a health area. *J Public Health (Oxf).* 2025 Jul 13: fdaf085. doi: 10.1093/pubmed/fdaf085. Epub ahead of print. PMID: 40652564.
- Saxena M, Laffin L, Borghi C, Fernández Fernández B, Ghali JK, Kopjar B, Polu K, Roger SD, Slingsby BT, Strutz F, Vogt L, Weir MR, Rodman D; Launch-HTN Investigators. Lorundrostat in Participants With Uncontrolled Hypertension and Treatment-Resistant Hypertension: The Launch-HTN Randomized Clinical Trial. *JAMA.* 2025 Aug 5;334(5):409-418. doi: 10.1001/jama.2025.9413. PMID: 40587141; PMCID: PMC12210145.
Unha das misións da Real Academia de Medicina de Galicia é a promoción e a difusión da excelencia científica en temas relacionados coas ciencias médicas. É tamén un dos obxectivos fomentar a participación de mozos investigadores e clínicos en formación nestes premios. A Academia considera que nos traballos de investigación é importante a capacidade de innovación e que teñan un claro valor translacional.

A Real Academia de Medicina de Galicia convoca para este ano 2026 os seguintes premios:

- **PREMIO DA FUNDACIÓN BARRIÉ** Excmo. Sr. D. Pedro Barrié de la Maza, ao mellor traballo en ciencias médicas de aplicación clínica, publicado nunha revista internacional recollida no *Journal of Citations Reports*, nos dous anos anteriores a esta convocatoria (desde o 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2025). O premiado terá o nomeamento de académico ou académica correspondente e unha dotación económica de 10.000 euros.

- **PREMIO FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA José Antonio Quiroga y Piñeyro**, a un traballo de tema libre de investigación oncolóxica clínica, publicado nunha revista científica, nos dous anos anteriores a esta convocatoria (desde o 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2025). Terá unha dotación económica de 9.000 euros.

Os traballos deben ser remitidos á Secretaría da Real Academia de Medicina de Galicia, segundo as bases da convocatoria, por correo electrónico ao enderezo ramycga@ramycga.org ou por correo certificado, antes do 31 de outubro de 2026, data en que quedará pechada a admisión. As persoas candidatas só poderán enviar como máximo un traballo a cada premio.

Os traballos candidatos serán avaliados pola Comisión de Premios, a cal elevará unha proposta razoada á Xunta de Goberno da RAMG e esta faralle unha proposta final ao Pleno da Academia. Unha vez aprobada polo Pleno da RAMG, a decisión será inapelable. Calquera dos premios poderá ser declarado deserto.

A entrega dos premios terá lugar no acto inaugural do curso académico de 2027. Así mesmo, os premiados e premiadas comprometeranse a expoñelo no evento científico que a RAMG designe.

■ BASES DOS PREMIOS DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA DO ANO 2026

PREMIO DA FUNDACIÓN BARRIE Excelentísimo Señor D. Pedro Barrié de la Maza, ao mellor traballo científico en Ciencias Médicas

Dotado con 10.000 euros e co nomeamento de académico ou académica correspondente. Outorgaráselle á persoa responsable do mellor traballo clínico de tema libre en ciencias médicas, publicado nunha revista internacional de prestixio (do 01-01-2024 ao 31-12-2025).

Unha das misións da Real Academia de Medicina de Galicia e da Fundación Barrié de la Maza é a promoción e a difusión da excelencia científica en temas relacionados coas ciencias médicas. É tamén un dos seus obxectivos fomentar a participación de novas e novos investigadores e clínicos en formación nestes premios. A Academia considera importante nos traballos de investigación a capacidade de innovación e que teñan un claro valor translacional.

Normativa do premio

O traballo será orixinal e excluíranse as revisións.

Deberá ser publicado nunha revista indexada no *Science Citation Reports*, con índice de impacto.

Deberá publicarse (non en liña) dentro dos dous anos anteriores á convocatoria do premio (do 01-01-2024 ao 31-12-2025).

Terán preferencia os traballos entre cuxos autores e autoras figuren persoas que se atopen facendo a súa residencia regulamentaria (MIR, FIR etc.) ou persoal científico que estea realizando a súa tese de doutoramento ou formación posdoutoral. Estas persoas deben realizar as devanditas actividades nalgún centro oficial acreditado e cun máximo de dez anos desde a finalización da súa licenciatura.

O traballo tratará algún tema clínico. Ante calquera dúbida sobre a adscripción dun traballo, o Comité de Premios tomará a decisión final.

Metódica:

O traballo será enviado pola persoa responsable deste á Secretaría da RAMG, por correo electrónico ao enderezo ramycga@ramycga.org ou por correo certificado. Enténdese por persoa responsable a primeira ou a última asinante ou a que apareza como responsable da correspondencia. En caso de dúbida, os autores e autoras asinantes do traballo deberán chegar a un acordo sobre el.

Para que o traballo sexa admitido a trámite, deberá ir acompañado dunha carta do responsable na que se expoña o seguinte:

- A.- Que todos os autores e autoras aceptaron participar no premio e que sera ela a persoa que figure como responsable deste.
- B.- Cales dos autores ou autoras son residentes (MIR, FIR etc.) ou persoal investigador en formación, tanto predoutoral coma posdoutoral, cun máximo dez anos desde a finalización da súa licenciatura e en calquera centro acreditado no momento en que se publicase o traballo.
- C.- O premio concederáselle á persoa responsable deste, que deberá acordar cos outros autores e autoras a coparticipación nos méritos correspondentes.
- D.- Na carta, comprometerase a recoller o premio no acto que designe a Academia. No devandito acto, entregará o premio e o certificado de

académico ou académica correspondente. Así mesmo, comprometerase a expoñelo no evento científico que estableza a RAMG.

E.- Non poderá presentarse a este premio quen o obtivese previamente como responsable, nin figurar como responsables do traballo académicas ou académicos numerarios da RAMG.

O premio poderá ser declarado deserto.

PREMIO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA José Antonio Quiroga y Piñeyro, a un traballo de tema libre, de investigación en oncoloxía clínica ou translacional, de interese científico e sanitario

Dotado con 9.000 euros e cun diploma acreditativo.

Unha das misións da Real Academia de Medicina de Galicia e do Centro Oncolóxico de Galicia é a promoción e a difusión da excelencia científica en temas relacionados coa oncoloxía clínica. É tamén un dos seus obxectivos fomentar a participación de novas e novos investigadores e de persoal clínico en formación na realización destes traballos. Polo tanto, o premio focalizarase na calidade científica do traballo en concurso e favoreceranse aqueles nos que participen mozos e mozas en formación.

Normativa do premio

O traballo poderá ser orixinal ou unha revisión.

Ha de publicarse (non en liña) dentro dos dous anos anteriores á convocatoria do premio (do 01-01-2024 ao 31-12-2025).

Terán preferencia os traballos entre cuxos autores figuren persoas que se atopen facendo a súa residencia regulamentaria (MIR, FIR etc.) ou persoal científico que estea realizando a súa tese de doutoramento ou recibindo formación posdoutoral, sempre nalgún centro oficial acreditado, e cun máximo de dez anos desde a finalización da súa licenciatura.

A temática será a oncoloxía clínica. Ante calquera dúbida sobre a adscripción do traballo, será o Comité de Premios quen tome a decisión final.

Metódica:

O traballo será enviado pola persoa responsable deste á secretaría da RAMG, por correo electrónico ao enderezo ramycga@ramycga.org ou por correo certificado. Enténdese por perso responsable a primeira ou a última asinante ou a que apareza como responsable da correspondencia. En caso

de dúbida, os autores e autoras asinantes do traballo deberán chegar a un acordo sobre este.

Para ser admitido a trámite, o traballo ha de ir acompañado dunha carta da persoa responsable na que se expoña o seguinte:

A.- Que todos os autores e autoras aceptaron participar no premio e que ela será a persoa que figure como responsable deste.

B.- Cales dos autores e autoras son residentes (MIR, FIR etc.) ou persoal investigador en formación, tanto predoutoral coma posdoutoral. Terán preferencia os traballos entre cuxos autores e autoras figuren persoas que se atopen facendo a súa residencia regulamentaria (MIR, FIR etc.) ou persoal científico que estea realizando a súa tese de doutoramento ou formación posdoutoral, sempre nalgún centro oficial acreditado e cun máximo de dez anos desde a finalización da súa licenciatura no momento en que se publicase o traballo.

C.- O premio concédeselle á obra e á persoa responsable deste, que deberá acordar cos outros autores e autoras a participación nos méritos correspondentes.

D.- Na carta, comprometerase a recoller o premio no acto que designe a Academia. No devandito acto, entregaráselle o premio e o certificado acreditativo, no que figurarán todos os autores e autoras. Así mesmo, comprometerase a expoñelo no evento científico que designe a RAMG.

E.- Non poderá presentarse a este premio quen o obtivese previamente como responsable, nin poderán figurar como responsables do traballo académicos de número da RAMG.

O premio poderá ser declarado deserto.

IX

DISCURSO INAUGURAL DO CURSO ACADÉMICO 2026



Pronunciado polo Ilmo. Sr. David Suárez Quintanilla, académico numerario da cadeira de Odontoestomatoloxía.



**■ CANONS ACTUAIS DE ESTÉTICA FACIAL: O ÓSO ALVEOLAR,
UN CONTINENTE POR DESCUBRIR**

Excmo. Sr. D. Presidente da Real Academia de Medicina de Galicia, doutor Francisco Martelo Villar.

Ilmos. Sras. y Sres. académicos/as da Xunta de Goberno.

Excmas. Autoridades.

Ilmos. Sras. y Sres. académicos/as numerarios/as e señoras e señores correspondentes.

Familiares e amigos/as.

Señoras e señores.

A ortodoncia é unha ciencia apaixonante e descoñecida, case sen científicos, hoxe dominada, desgrazadamente, polo mercantilismo e os sobretratamentos. A popularidade da nosa especialidade e as inxentes cantidades de recursos que a sociedade gasta en todo tipo de tratamentos dentais estéticos contrasta, polo menos proporcionalmente, coa ausencia de profesionais ben formados, de investigación e evidencias científicas sobre os seus procedementos e resultados. Soamente este ano o gasto en estética dental no mundo supera con moito os 200 mil millóns de dólares e só nunha técnica de ortodoncia, os aliñadores plásticos transparentes, roldaremos os 15 mil.¹⁻⁶

As verdadeiras posibilidades terapéuticas da nosa especialidade son descoñecidas, e o que a xente cre saber dela está totalmente distorsionado polo seu cotián exercicio clínico. Non só non é o que vostedes cren que é, senón que a maioría dos que a exercen descoñecen o seu alcance para a saúde do individuo e o desenvolvemento do seu rostro. Este coller o ravo polas follas, este mirar o dedo cando se está sinalando a lúa é máis a norma que a excepción. É a cruz dunha especialidade, exercida sen ningunha garantía, onde os fíos, tras as bambolinas, están hoxe movidos sen control ningún polas grandes empresas multinacionais do sector.⁷⁻¹³

Unha das miñas responsabilidades internacionais, asumida con estoica resignación, en todo este disparatado mundo é o de exercer de tábano socrático poñendo en evidencia as incongruencias do exercicio práctico da ortodoncia e a súa mercantilización empresarial; tentando separar a ciencia da pseudociencia, o coñecemento falsable da propaganda, e tratando de levar a un primeiro plano o que denomino ortodoncia médica, aquela que vai máis alá da pura cosmética para converterse nun factor decisivo na saúde, no crecemento e no desenvolvemento facial do individuo.¹⁻⁴

A ortodoncia é máis a arte do imposible que a ciencia do probable, e ha de ser exercida á espera de ser descuberta e, por estraño que pareza, algúns especialistas novos, os dentistas xerais, e xa non digamos os que a exercen sen ningún tipo de preparación, descoñecen o seu verdadeiro alcance terapéutico. De feito, a maioría céntranse no puro aliñamento dentario con fins cosméticos, sen un diagnóstico nin un plan de tratamento e con aparellos que nin prescriben nin entenden. A nosa especialidade non é moito máis, senón moitísimo máis.

A ortodoncia é a especialidade decana da odontoloxía e para o seu correcto exercicio na Unión Europea ou nos Estados Unidos necesítanse estudos posgraduados a tempo completo de tres anos e máis de 2000 horas de

formación teórica e clínica con pacientes (180 créditos ECTS). Na miña opinión, excede o ámbito da odontoloxía e sitúase próxima ás especialidades médicas. Na nosa Universidade de Santiago de Compostela, contamos cun máster de especialización de tres anos que leva funcionando, con carácter internacional, desde hai máis de vinte anos. Con todo, ninguén hoxe en España lles prohibe ou limita o seu exercicio a dentistas sen a máis mínima formación, situación que se viu agravada pola ortodoncia en liña ou por correspondencia, onde moitas clínicas reducen a súa actividade a ser simples puntos de venda de aliñadores plásticos ou férulas de descarga cuxo diagnóstico, plan de tratamento e fabricación o realiza un descoñecido planificador, axudado pola intelixencia artificial, a miles de quilómetros, o que provoca que a especialidade que amo se converte nun puro negocio de resultados terapéuticos limitados, dubidosos ou incertos.

A ortodoncia é moito máis ca todo isto e o seu campo de actuación excede o límite dos dentes, xa que afecta o crecemento e o desenvolvemento do complexo nasomaxilar, a mandíbula e a articulación temporomandibular, e os seus obxectivos comprenden a estética do sorriso e do terzo facial inferior, así como o correcto crecemento e desenvolvemento da cara e as principais funcións do aparello estomatognático: mastigación, respiración, deglutición e fala.¹⁴⁻¹⁵

A terapéutica ortodóncica pivota ao redor de dous eixes: o estraño e máxico movemento dentario ortodóncico e a capacidade de modificar o crecemento da cara, a través da acción mecánica directa ou indirecta sobre algunhas suturas do esplanocráneo, como a sutura palatina media. A maxia e a estrañeza do movemento dentario ortodóncico reside na capacidade dos dentes, a través dun proceso inflamatorio periodontal aséptico, de formar óso alveolar durante toda a vida do individuo. Basicamente, as forzas da ortodoncia poden actuar a tres niveis: de maneira directa sobre as coroas dentarias e sobre as suturas maxilares, e de maneira indirecta, e moi enxeñosa, sobre os músculos a través do cambio de presións musculares no denominado corredor de Tomes, formado por fóra polos músculos orbiculares dos beizos, o bucinador e os músculos da mímica e, por dentro, pola lingua. Cando cun simple escudo plástico suprimimos a acción do bucinador, a lingua toma protagonismo e favorece a ecolóxica expansión dos dentes e do padal óseo.

As forzas aplicadas ás coroas dentarias transmítense ao periodonto e iníciase aquí unha ferverza de acontecementos (inflamatorios, histoquímicos,

neurolóxicos e piezoeléctricos) que acaba producindo a reabsorción do óso no lado de presión cara a onde queremos mover o dente e a posición ósea no lado da tensión. Osteoclastos e fibroblastos, xunto ás fibras de coláxeno, e a ilimitada fervenza de mediadores inflamatorios, son os verdadeiros protagonistas desta maxia. O noso obxectivo biomecánico sempre foi lograr a maior eficiencia deste movemento dentario ortodónico, moi diferente ao da erupción dentaria, é dicir, ser eficaz, pero no menor tempo posible e cos aparellos e sistemas máis cómodos, invisibles e económicos. Para iso, traballamos en dúas grandes liñas tratando de vencer a barreira biomecánica e a biolóxica. Creo que os avances na primeira son hoxe evidentes grazas ao deseño e á impresión dixital 3D, á realidade aumentada, aos polímeros con memoria de forma, á pseudo e termoelasticidade das novas aliaxes e aos microimplantes.¹⁶⁻²¹

A barreira biolóxica é máis difícil de superar e, despois de moitas probas, cremos que o RAP (fenómeno de aceleración rexional) do movemento dentario ortodónico (OTM) realizando microosteoperforacións no óso alveolar é a maneira máis sinxela e eficiente de conseguir bos resultados clínicos. O RAP produce un efecto de chamada local ás células proxenitoras encargadas da remodelación ósea e en ortodoncia é moi importante polo mecanismo de sinerxía que establece coa inflamación aséptica producida cos nosos aparellos. Noutras ocasións, modificamos a posición dos ósos e dos maxilares con microparafusos de extraordinaria potencia ancorados sobre microimplantes inseridos no óso, o que permite hoxe facer expansións do padal en adultos, impensables hai poucos anos. O truco central da maxia do noso tratamento é a formación dun tipo especial de óso na economía humana, o óso alveolar, un continente aínda por descubrir polos clínicos. O movemento dentario ortodónico forma óso alveolar e este pérdese de maneira irreversible coas extraccións dentarias. O que de verdade resulta sorprendente é que o mundo da medicina e da odontoloxía descoñeza o seu papel crucial no desenvolvemento vertical da cara. O terzo medio facial é unha gran cavidade ósea chea de aire onde as fosas nasais se comunican cos seos frontais, paranasais, etmoidais e esfenoidais, de xeito que o seu crecemento vertical se fía aos dentes e aos procesos alveolares, do mesmo xeito que ocorre coa mandíbula no terzo inferior do rostro. Atrévome a dicir que o descoñecemento do óso alveolar é un dos maiores paradoxos no noso campo.

Pero aínda hai máis, aínda que todos teñamos en mente a mandíbula dos Habsburgo- Borbóns e a súa marcada hipoplasia do terzo medio facial, da

que se fala menos, o crecemento da parte inferior da cara ten un gran predominio epixenético, xa que non existen centros xenéticos de crecementos, só *ocus*, influídos pola función. Resulta sorprendente, pero aquí non quero estenderme, o descoñecemento existente de como a erupción dentaria, o crecemento vertical do óso alveolar, a remodelación da articulación temporomandibular e o asintomático xiro da mandíbula ao redor do seu eixe de bisagra terminal, funcionan coordinadamente no desenvolvemento, maduración e envellecemento da nosa cara. O noso terzo inferior facial non ten o predominio xenético que cremos; falar de ortopedia dentofacial é falar de epixenética. A mandíbula, un óso complexo e anisotrópico, como vimos nas simulacións matemáticas con elementos finitos realizadas baixo a dirección do profesor Juan Viaño Rey, vai por libre e adapta a súa forma e posición aos requirimentos funcionais do momento.

Cando utilizamos aparellos ortopédicos funcionais e cambiamos a posición mandibular de maneira sostida, podemos modificar o crecemento da súa cartilaxe condílea, limitando ou favorecendo o seu crecemento. Estou convencido de que, na nosa filoxenia, os patróns faciais extremos (braquifaciais e dolicofaciais) son resultado da epixenética, porque dos nosos pais recibimos as cartas da xenética, pero a epixenética trata de como as xogamos, de como implementamos ou eliminamos as funcións e de como isto inflúe na metilación do ADN. A respiración oral sostida, por exemplo, modifica a posición da lingua e dos músculos do corredor de Tomes e acaba por determinar un crecemento mandibular máis vertical que perpetúa o crecemento do óso alveolar posterior a nivel dos molares. As enormes deformidades producidas na nosa área por hábitos como a succión do polgar ou as enfermidades neuromusculares fálannos do papel da epixenética. A alta incidencia de dolicofaciais en Galicia hai que buscala máis no clima que na xenética dos galegos orixinais, os suevos, os romanos ou as migracións da Idade Media desde a Europa central. Os meus traballos clínicos en poboacións cerradas, como en Kerala na India, Cochabamba en Bolivia, Chiapas en México, Ulan-Bator en Mongolia ou Filipinas, así mo confirmaron.²²⁻²⁶

Por todas estas accións máxicas da ortodoncia, por todo este potencial terapéutico, é indignante que sexa exercida hoxe no mundo por prestidixitadores que reducen o seu oficio á cosmética dos dentes anteriores (os denominados como social-six) e que están desexando que se apaguen as luces do escenario só para cobrar. É como a división que fago dos profesores universitarios: os que cobran por ensinar e os que ensinan para cobrar.

Pero de todos estes mecanismos o verdadeiramente máxico, o que non só converte as nosas forzas mecánicas en resposta tisular, senón que é capaz de remodelar o óso alrededor do dente para que este se desprace sen perigo, é o que chamamos movemento dentario ortodónico, aplicando sobre as coroas dentarias brackets, aliaxes ou polímeros. Esta capacidade osteoxénica potenciada cos nosos aparellos xa sorprendeu o pai da ortodoncia moderna, EH Angle, hai máis dun século, quen denominou os seus primeiros aparellos como *Bone Growing Appliance*, por esta máxica propiedade de formar óso alveolar.¹⁷⁻¹⁹

Aquí chegamos a unha das primeiras preguntas para as que a ciencia aínda non ten resposta definitiva: por que podemos facer ortodoncia ou, dito doutro xeito, por que os dentes non caen cando tratamos de movelos, moitas veces en contra das forzas eruptivas fisiolóxicas. Dubido que a evolución estivese a pensar en como os dentistas poden manter a súa familia á hora de favorecer tan máxico fenómeno, polo que me inclino a pensar, e así o reflectín en distintos libros e artigos, que é produto da filoxenia. Resulta fascinante como na evolución do aparello estomatognático a natureza combinou a oclusión dental ou a forma de morder coa anatomía e a dinámica da articulación temporomandibular; por exemplo, a progresiva diminución do tamaño dos nosos cairos superiores permítenos amplios movementos de lateralidade sen lle restar o seu carácter propioceptivo. É certo que xa non os usamos para matar ou desgarrar, pero esta propiocepción atávica permítenos conservar a dentición ao forzar a apertura mandibular, vía trixeminal, nos movementos de lateralidade. Moitos dos pacientes adolescentes con bruxismo que apertan os seus dentes día e noite desgastan en primeiro lugar as cúspides destes cairos superiores.^{6, 9-13}

A fala foi determinante para a nosa evolución e reinado fronte a outros homínidos, pero complicou a existencia do aparello estomatognático e de funcións como a mastigación e a deglutición. A eficiencia mastigatoria, fundamental para a vida destes primeiros homínidos, non só dependía duns dentes íntegros ou dunha articulación temporomandibular potente e de movementos sincrónicos, senón dunha oclusión (entendida como o encaixe ou a engrenaxe das arcadas) efectiva. Coa fala e a verticalización do tubo fonatorio, apareceu un aumento da dimensión vertical da metade inferior da cara, a mandíbula afastouse do maxilar e isto, unido ás variacións da arquitectura dentofacial, unha vez que os *sapiens sapiens* abandonaron a África primixenia, deu lugar a un problema para a homeostase oclusal.

Na miña hipótese, a evolución sacou uunha vez máis un coello da súa inesgotable chistera, creando un óso moi especial polo seu dinamismo e imbricacións cos dentes: o óso alveolar, que nace, crece e desaparece coa súa erupción, presenza ou perda. Para que? A resposta é moi clara: para crear un colchón amortecedor e compensatorio das discrepancias de tamaño e posición dos maxilares; así de simple e así de claro. Hai mil exemplos clínicos para demostralo: a dispersión e a mestura dos trazos faciais do *sapiens sapiens*, as mil formas de dentes e maxilares actuais e os biotipos faciais (braqui, meso e dolicofaciais), que se acompañan doutras infinitas compensacións do proceso dentoalveolar co único obxectivo de lograr unha oclusión de compromiso (homeostase oclusal da Petrovic / Harvold) que nos permita mastigar con eficacia. ⁶ Probas clínicas? Todas: cando a mandíbula crece en exceso, os incisivos inferiores inclínanse cara atrás tentando contactar cos superiores; cando o maxilar é estreito, os molares e os premolares inclínanse cara a fóra, con esaxeradas torsiones radiculares positivas; cando o maxilar é curto e está retruído, os incisivos superiores, como ocorre nos orientais, inclínanse cara adiante; todo é un proceso máxico, un truco evolutivo para garantir unha mastigación imprescindible para a supervivencia. ⁶⁻¹⁷

Pero hai máis. A aparición dos microimplantes ou ortoimplantes, dos que fomos pioneiros no eido mundial, como coadxuvante de nosa biomecánica, non só simplificaron o tratamento e permiten superar os seus anteriores límites etarios, senón que mostran clinicamente o efecto do crecemento vertical do óso alveolar no desenvolvemento da cara. Trátase de microparafusos de titanio que se ancoran de maneira sinxela e non cruenta nos ósos maxilares e cos que podemos producir cambios increíbles tanto en nenos en crecemento coma en adultos. Todo o anteriormente exposto ha de levarnos a corrixir o erróneo concepto de óso alveolar que aínda hoxe manexan todos os libros de texto e que se esquecen de que hai óso alveolar máis alá dos ápices dentarios, e por isto é un continente aínda por descubrir. Hoxe, que domina un certo cientificismo, polo menos metodolóxico, no campo da medicina, non debemos de esquecer o valor da experiencia clínica cando contamos con bos rexistros e protocolos. A medicina actual non debe caer no cientificismo, e non crean que estou a pensar en Paul Feyerabend, senón en Karl Popper ou Mario Bunge, e debe valorar tanto a experiencia clínica como a casualidade ou a imaxinación á hora de crear ciencia, polo menos ciencia falsable, senón pensemos en Kekule e na descrición do anel de benceno despois de soñar cun uróboros. ²⁷⁻³⁰

Por que a profesión non ve isto? Un gran bloque de mármore de Carrara languidecía nun vello almacén, ata que un novo Miguel Ángel o viu e exclamou: “Aquí está o David”, ao que os operarios responderon: “Pero mestre, é só un bloque de mármore”, ao que replicou o xenio e polímata: “Si, pero eu xa vexo o que lle sobra”.

A odontoloxía, por efecto da tecnoloxía dixital, da impresión 3D e da intelixencia artificial, crea os aparellos para o seu desenvolvemento e a mellora e precisión do diagnóstico e plan de tratamento; a realidade virtual e aumentada ofrécenos a posibilidade de lle ensinar os resultados esperados ao paciente gañando en precisión e tamén en capacidade de venda a través do *neuromarketing*. Todo isto está moi ben, pero os universitarios desde a clínica ou o campo da investigación debemos complementar este avance tecnolóxico con tres elementos: a eficiencia da súa aplicación clínica, a súa avaliación médica e o desenvolvemento de protocolos (indicacións e contraindicacións) e técnicas para a súa aplicación. Esta división de tarefas non pode ser asumida de maneira unívoca pola industria ortodóncica, como hoxe está a ocorrer, é un despropósito que acaba por pagar o paciente.

A ortodoncia actual basea o seu tratamento na tecnoloxía que ofrecen os plásticos, biopolímeros e polímeros con memoria de forma dos aliñadores, as últimas aliaxes termoelásticas dos arames, os microimplantes de titanio e todos os novos aparellos de deseño e fabricación dixital. O noso equipo, desde o Servizo de Investigación en Ortodoncia e a Unidade Dental do Soño da USC, en colaboración con empresas multinacionais do sector, desenvolvemos o HAS (*Hybrid Appliance System*), o DSQ (*Orthodontic System*), os microimplantes DSQ e parte do sistema diagnóstico da compañía Nemo-tec, cos seus diferentes programas e diversas alianzas con universidades e grupos punteiros de investigación internacional dos Estados Unidos e da China.^{6, 27-30}

Adoito repetirlles aos meus residentes que mentres que o óso basal dos maxilares é do cirurxián maxilofacial e o óso alveolar é do ortodoncista porque a súa manipulación non necesita de cruentas cirurxías, só da benevolencia da transdución celular e da amable resposta tisular ás nosas impertinentes forzas de presión e tensión. Dentes e óso alveolar responden, automática e docilmente, á biomecánica dos nosos aparellos e durante toda a vida, non hai límites de idade para a súa modificación.

A área de traballo real da ortodoncia, sen necesidade do concurso da cirurxía, pero si dos nosos novos auxiliares tecnolóxicos, como os microim-

plantes, as miniplacas ou o MARPE, ocupa a maior parte do terzo inferior facial, limitado por arriba pola cara superior do padal, por abaixo pola traxectoria intraósea mandibular do nervio dentario inferior, por detrás pola rama ascendente mandibular e as fosas pterigoideas e por diante polos beizos. Na nosa área non só concorren as principais funcións orais, senón que ten unha importancia capital na estética do sorriso e facial.

A cara, e por suposto o sorriso, é a nosa tarxeta de presentación; ante un primeiro contacto cun descoñecido fixámonos nos seus ollos, na súa boca, no seu sorriso e no seu nariz. O sorriso é o móbil da cara e o noso primeiro punto de atención. No espazo evolutivo entre o xesto, chamémoslle superior, para diferencialo do dos primates, e a fala, apareceu o sorriso. Gran parte da colaboración entre Darwin e o gran Duchene de Boulogne centrouse nos tipos de sorriso: “A emoción de franca alegría exprésase na cara pola contracción combinada do músculo orbicular dos beizos e o cigomático maior. O primeiro obedece á vontade, pero o segundo só se pon en xogo pola doce emoción da alma”, resume poeticamente Duchene no seu mecanismo da fisonomía humana.^{31-33, 38}

Coa evolución e a fala cambiou a vida de relación dos humanos, involucionaron os músculos da mastigación e desenvolvéronse e afinaron o seu funcionamento os da mímica porque a disonancia entre o que se dicía e sentía esixía unha nova finura na realización e captación das expresións faciais. A ontoxenia no útero da nosa nai é unha breve recapitulación de millóns de anos de filoxenia. O relato da Xénese obedece a un río subterráneo que nos fala metafóricamente do noso pasado e en concreto do pecado orixinal e a expulsión do paraíso, refírese á adquisición dunha mente pensante que anhela e desexa, e por iso peca. O pecado é posible porque o individuo xa pode ter o que a outros animais lles é vetado, a disonancia cognitiva, que lle permite mentir.³²

Todos fomos a unha festa na que tivemos que saudar cun sorriso cínico a alguén que nos cae mal. Neste novo status, onde o home xa pode dicir unha cousa e facer outra, é onde a finura e a precisión do xesto cobra unha grande importancia na vida de relación e na evolución humana. Por iso o sorriso estaba proscrito na teoloxía do Medioevo (ver o final d’*O nome da rosa*, de Umberto Eco). Esta evolución da mímica sería similar ao que ocorreu no noso cerebro, primeiro coa oposición do polgar e despois co desenvolvemento dunhas mans que hoxe nos permiten dobrar arames ou colocar ataches con precisión; cerebro e man tiveron un desenvolvemento

en constante retroalimentación. A captación do xesto, os circuítos neuronais para a súa avaliación sensorial e emocional son feitos, evolutivamente falando, recentes.³²⁻³³

Que papel xoga este óso alveolar que nós podemos controlar tridimensionalmente a través dos dentes no crecemento e na estética do rostro?

A cirurxía plástica e ortognática, a medicina estética, a denominada harmonización orofacial e a ortodoncia teñen un obxectivo común, que é a mellor estética posible do rostro. Imos cara a unha sociedade cada vez máis esixente, onde o éxito terapéutico queda curto co *restitutum ad integrum* ou os criterios estatísticos de normalidade, onde o tratamento de imaxes do noso teléfono intelixente, o Photoshop®, envenena a moitos coa estética ideal do sorriso e o rostro que poderían chegar a ter, o que crea desexo e este consumo. A procura da beleza e da mocidade é a tolemia á que se vai entregar a sociedade hiperconsumista nos próximos anos, como xa apuntan distintas series e películas futuristas de Netflix, senón ao tempo. É certo, a nosa especialidade é unha das beneficiadas por este despropósito da estética a calquera prezo, e máis cando ao factor límbico emocional se une a demanda cortical e racional da saúde, creando un binomio estrela que a nosa sociedade elevou ao olimpo do que máis consumo xera, o desexo.⁹⁻¹³

Non vou perder aquí nin un minuto falando dos centos e sorprendentes traballos científicos que demostran que a beleza, e o seu oposto a fealdade, son unha das máis crueis inxustizas da natureza. As modernas técnicas de exploración cerebral, como a resonancia magnética funcional, indícanos como os humanos reaccionamos límbicamente ante a beleza desigual dos rostros. Non me cabe ningunha dúbida de que as redes sociais crearon unha ditadura da beleza e do índice de masa corporal e que gran parte do incremento exponencial dos trastornos psicolóxicos dos adolescentes, das autolesións e mesmo dos suicidios teñen a súa orixe na non aceptación do seu corpo ou do seu rostro; a desigual beleza facial e estética das tribos urbanas é un feito manifesto.³³

A pregunta que lle fago ao meu alumnado de ortodoncia básica o primeiro día de curso é por que gastamos tanto diñeiro en estética dental. Un dos principais motivos é o efecto halo, un rumbo psicolóxico que, por un trazo, un signo ou un detalle parcial, neste caso un sorriso radiante, extrae conclusións xerais e regala unha gratuíta asociación ao seu portador de intelixencia emocional, amabilidade, status, éxito persoal e social e, en definitiva, felicidade. O mecanismo de asociación inmediata e automática

entre beleza, atractivo e felicidade é un heurístico que a nosa mente ten gravada a lume no sistema límbico, non en balde beleza e bondade comparten etimoloxía desde a Grecia clásica.

Na ciencia da beleza, Ulrich Renz afirma: “A beleza é un terreo minado. Por que un neno guapo recibe na escola máis atención, agarimo, palabras amigables e mellores notas, reforzando o efecto Pigmalión? Por que un ladrón ben parecido consegue do xuíz unha pena menos severa? Por que unha muller bela ten máis acceso ao traballo ou recibe mellores atencións do seu médico? Os delincuentes por delitos violentos son máis feos por ser delincuentes ou porque son feos son delincuentes?, para finalizar co rotundo: “Se vostede nacese máis belo, amaría a outra persoa”.³³⁻³⁴

Todos quedamos sorprendidos polos increíbles traballos de MJ L Smith de 2006, onde se demostra en fotografías superpostas de mulleres en distintos días do ciclo menstrual como os homes somos capaces de detectar os momentos de maior fertilidade só polo atractivo; as mulleres con niveis máis elevados de estróxenos teñen rostros máis femininos, saudables e belos. O uso de maquillaxe pode enmascarar sinais que indican niveis hormonais baixos, e quizais este feito explique as disparatadas cantidades que se gastan anualmente en cremas e maquillaxes. O gran salto desde as venus de Willendorf ou de Laussel a Nerfertiti, tanto no seu famoso busto coma os distintos baixorrelevos de Tell Al-Amarna, e o seu propio nome (a beleza chegou) marcan un salto cualitativo da humanidade desde o desexo máis atávico ao gusto pola estética máis sensual.³⁴

Máis alá da simetría e da proporción entre as partes, os canons estéticos do rostro sufriron unha evolución ao longo da historia da man da antropometría e da socioloxía. Sempre me chamou a atención o pouco que se profundou sobre o tema ou como este se abordou por ensaístas, filósofos, anatomistas e mesmo filólogos, como Umberto Eco en distintas obras, dunha maneira máis subxectiva, prosaica e romántica que científica. As preferencias estéticas do rostro, do mesmo xeito que a maquillaxe, o peiteado ou os complementos, son produtos da corrente sociolóxica de cada momento histórico, como xa apuntei en distintas obras e ensaios.

A combinación do movemento dentario ortodóncico e a paralela remodelación do óso alveolar permítenos modificar a estética do terzo inferior facial, pero debemos de coñecer o noso obxectivo, porque xa na *Iliada* se afirmaba que nunca hai bo vento para o mariño que non sabe onde vai. A diferenza doutros canons corporais máis discutidos ou cambiantes segundo

as áreas xeopolíticas do globo, os medios de comunicación crearon un patrón común no campo da nosa estética, caracterizado por sorrisos amplos, de dentes brancos, grandes e perfectamente aliñados, e todo enmarcado por uns beizos voluptuosamente carnosos cun arco de cupido ben definido. É o que tecnicamente denominamos biprotrusión (prominencia do complexo dento-maxilar). É evidente que este canon actual está nas antípodas do ideal da época victoriana: muller de pel branca, sorriso discreto, beizos finos e retrusivos. E resulta interesante especular socioloxicamente sobre como chegamos ata aquí porque é esta a estética que nos piden hoxe os pacientes e que fai consumir en maquillaxe, barras de beizos, ácido hialurónico e todo tipo de cosméticos máis de 500 mil millóns de dólares ao ano.³⁴⁻³⁵

As medidas cefalométricas, a partir da teleradiografía lateral estandarizada con cefalostato, foi un dos recursos diagnósticos máis importantes da nosa especialidade. Coa cefalometría, analizamos a posición anteroposterior e vertical das bases maxilares, a forma e a situación saxital da mandíbula, a relación de converxencia ou diverxencia do plano maxilar, oclusal e mandibular e a relación dos tecidos duros co perfil do terzo facial inferior. Un parámetro importante é determinar a posición dos incisivos respecto ao que denomino o LAD ou límite anterior da dentición, onde colocar estes dentes e o sorriso do paciente, no plano anteroposterior respecto ao maxilar e á mandíbula. As primeiras análises cefalométricas, como a de Ch Tweed, remóntanse aos anos corenta e mantíñan unha posición retraída dos incisivos respecto ao LAD. Non comparto a falta dunha análise máis ampla e crítica desta férrea e inxustificada posición incisiva, que supuxo a extracción de millóns de premolares sans nos máis de corenta anos da súa vixencia. Cando un revisa a abundante bibliografía sobre a referida cefalometría de Ch Tweed, atopa mil xustificacións clínicas que falan de oclusión, estética, competencia labial, estabilidade postcorrectiva e mil asuntos máis e nin un só artigo sobre a influencia do mito do “bo salvaxe” roussoniano ou a segregación racial no denominado perfil de Tweed.^{35-36, 38}

A filosofía permítenos dispoñer dun abano de lentes, con distintos cristais, para ver os nosos problemas cotiáns e poñelos en perspectiva. O mito do bo salvaxe de Rousseau é un claro exemplo da influencia da filosofía en decisións terapéuticas, revestidas de teorías antropolóxicas e sociolóxicas que se estenden ata os nosos días, o que se pon de manifesto cada mañá ao pedir remedios naturais ou leite sen lactosa. O home é bo por natureza, pero a civilización corrómpeo, non permite a expresión de todo o seu potencial e considera o apiñamento ou a falta de espazo para os dentes,

en palabras dos antropólogos, un problema da civilización. A sociedade teocrática finisecular e este mito déronse a man na época de EH Angle, quen afirmaba: “Deus creou o home con 32 dentes para telos en perfecta oclusión, é a mala función e o medio ambiente o que determina a súa falta de espazo”.

Os parámetros médicos de LG Farkas de normalidade antropométrica son de escasa utilidade cando falamos de estética porque cada cultura e cada período histórico está unido a diferentes canons e estes, como pasarei a expoñer a continuación, están ligados á socioloxía do momento.

É evidente que para falar de canons faciais ou proporcións corporais deberíamos retrotraernos á antigüidade clásica, pero prefiro partir dunha época clave no cambio sociolóxico da visión da estética corporal e facial: o Renacemento. Ademais do LAD, para nós é moi importante o ángulo nasolabial delimitado pola parte inferior do nariz, a columnela e o beizo superior. Pola súa vez, a posición dos beizos garda unha relación de 3 a 2 coa maior ou menor proinclinación dos incisivos. Todos os canons teñen unha mestura de estética e socioloxía; por exemplo, a avellentada estética dunha nova virxe María da pintura gótica e flamenga obedece, no meu criterio, ao obxectivo didascálico da pintura relixiosa medieval, onde a boca, fonte e orixe de pecado, era reducida á súa mínima expresión e onde se resaltaba o nariz e o queixo, o que produce un envellecemento artificial do rostro. A primeira representación que teño rexistrada nos meus estudos sobre o tema, o dunha virxe cun novo e atractivo rostro, e cun sensual ángulo nasolabioal, correspóndese co cadro da *Virxe co Neno e dous anxos* de frei Filippo Lippi, onde o pintor abandona o idealismo escolástico pola máis terreal novicia, modelo e amante, Lucrecia Butti. As ideas estéticas de Lippi sobre beizos e ángulos nasolabiais hérdaas e difunde o seu máis insigne discípulo, Sandro Botticelli.³³⁻³⁴

O descubrimento nos xardíns vaticanos do Apolo Pitio, na época do papa guerreiro Xulio II, supuxo un cambio radical na estética do terzo facial inferior e por iso comparten beizos (tamaño, protrusión e arco de cupido), ángulo nasolabioal, suco mentolabial e queixo gran parte das esculturas e das pinturas de Miguel Ángel, desde o David ao Xesús Cristo da Capela Sixtina. O seu contemporáneo Leonardo da Vinci non foi alleo ao estudo estético da metade inferior da cara, senón que foi máis alá ao preocuparse pola xénese anatomofuncional do sorriso (como pode verse en varios dos debuxos expostos no castelo de Windsor). É certo que uns e outros reto-

maron os canons estéticos grecorromanos derivados do Timeo platónico e os pitagóricos o “home como un microcosmos e o cosmos como un grande home”, do que deriva o home de Vitruvio, tan ao gusto dos que hoxe especulan con proporcións áuricas, secuencias Fibonacci, fractais ou o teórico antropocentrismo do noso sorprendente universo. Non moitos dentistas saben que a curva catenaria das arcadas, a de Spee, a de Monson-Wilson ou o triángulo de Bonwill, derivan desta filosofía do xeometrizar.

O feito inaudito é que a estética do Apolo Pitio ou de Belvedere foi abrazado pola medicina ata os anos cincuenta do pasado século. Neste punto poderíamos preguntarnos como o referido canon victoriano, o dunha muller de pel branca, beizos finos e retraídos, cun sorriso que deixaba entrever discretamente os dentes e unha mandíbula pequena e de clase II, pasou ao dunha muller actual empoderada, directiva, cuxa pel morena reflicte o status do esquí ou a praia tropical invernal, con beizos carnosos, ben delimitados e marcados, por obra da natureza, do ácido hialurónico ou do carmín, dentes grandes, protruídos, ben aliñados e de brancura artificial e cegadora, nunha mandíbula de queixo e ángulos goníacos ben delimitados por uns potentes maseter, como exhiben as novas heroínas da factoría Disney. As explicacións simplistas poderían abrazar por que si, porque é a moda e punto, pero a análise sociolóxica do tema resulta apaixonante.

Quizais o problema resida nas implicacións que a posición dentaria (a maior ou menor prominencia dos dentes) ten sobre a fronte e o perfil facial e que tiven a sorte de detectar non estudando ortodoncia, senón o mundo da antropoloxía da man do profesor José Carro, o anatómico de Leonardo da Vinci, as disparatadas teorías craneométricas do racismo científico e as visitas a inquietantes museos do racismo nazi ou o de Cesar Lombroso en Turín, como expuxen nunha das miñas últimas conferencias sobre “Ortodoncia e racismo científico” no MAX, no Museo de Antropoloxía de Xalapa.

No século XIX e principios do XX, unha parte da medicina tivo a infausta idea de abrazar a tradición do racismo científico e a da medicina euxenésica desenvolvida por Galton a raíz dunha inxusta aplicación das teorías do seu curmán Darwin e que na España franquista ocupou a médicos como Vallejo Nájera, por non falar das xustificacións craneométricas do nacionalismo catalán e vasco. En parte, o racismo científico e o concepto de raza baseábase na protrusión dentoalveolar, ademais doutros signos e características morfolóxicas. O que aquí nos interesa é o papel desta protrusión dentoalveolar, xa apuntada séculos antes polo anatomista Petrus Camper, e o seu

plano facial, que clasificaba os cranios das distintas, segundo eles, razas e a súa comparación cos cranios e a biprotrusión dentoalveolar dos primates. Non por casualidade, usábase o referido Apolo de Belvedere, co seu perfil plano, como estándar de ouro da raza branca fronte a unha biprotrusión que achegaba os negros aos simios.

Non é de estrañar, polo tanto, que, nos albores da ortodoncia, e máis en países cunha marcada segregación como os Estados Unidos ou Australia, a maioría dos tratamentos de ortodoncia se fixeran extraendo catro premolares para poder levar cara atrás os dentes e conseguir un perfil plano acorde co canon imperante. Esta moda, que WR Proffit denominou a época do “gran sacrificio dos premolares”, estendeuse máis de corenta anos e afectou a millóns de pacientes. Pensemos que a asimilación das crenzas racistas por parte dos oprimidos foi o que permitiu a conquista española, a división artificial de África e o espolio por parte dos colonizadores, racismo que continuou con outros pobos e que acabou como acabou co III Reich e os seus patróns faciais e ángulos nasolabiais.^{22-26, 37}

O cinema, polo seu carácter idealizador da estética facial do momento, móstranos os beizos finos e retrusivos das actrices do cinema mudo e dos inicios do sonoro, a particular estética das mulleres fatais do cinema negro (onde, como di José Luis Garci, mulleres con pasado se xuntaban con homes sen futuro), de mirada penetrante, perfil plano, ángulo nasolabial aberto, mandíbulas retraídas de clase II, queixos marcados e beizos finos e perfilados.

O patrón facial cambia radicalmente a finais dos sesenta como consecuencia das novas revolucións: o Maio do 68 parisiense, a loita polos dereitos civís e contra o racismo, a mestura e asimilación de etnias, os movementos pacifistas e a revolución sexual e o feminismo. Cambia a cultura do corpo e a súa exhibición pública, comeza o desexo de gustar dunha maneira diferente con signos máis evidentes de atraer, porque a dinámica das relacións sexuais cambia 180 graos e a pílula modifica, polo menos inconscientemente, patróns de conduta anteriormente estereotipados. Os beizos pasan a ser unha potente icona de beleza, saúde e desexo sexual.

Para ben ou para mal, os patróns de estética facial e do sorriso actuais son produtos de todos estes cambios sociolóxicos, opostos diametralmente aos da escolástica medieval ou da moral victoriana, e xiran ao redor de tres elementos: a mocidade, a aparencia de saúde e a integración biopsicosocial. Ao deixar de crer na vida eterna, a sociedade hiperconsumista pasa a gozar

como se non existise un mañá, entregándose aos desexos do hedonismo epicúreo favorecido pola exposición ás redes, do gozar aquí e agora; e é aquí, e non noutro lugar, onde hai que buscar o cambiar fillos por cans ou a falta de solidariedade e compromiso co traballo ou cos proxectos vitais de maior calado. Non é sinxelo para os profesionais que xa levamos anos nisto afacerse aos modos e ás maneiras dos pacientes desta nova sociedade VICA (voluble, incerta, complexa e ambigua).³²⁻³⁴

Para poder gozar hai que ter mocidade e esta téntase reter ou aparentar con mil procedementos estéticos; a loita contra o envellecemento que, na cara e noutras partes da anatomía, non é máis ca unha loita desigual contra a gravidade, convértese en icona do desexo. Os que dunha ou doutra maneira nos dedicamos á estética compartimos co mundo do luxo a plusvalía que xera o desexo emocional, porque o denominado paciente emocional, falando en termos de márketing, aquel que quere estética, non compra o que necesita, senón o que desexa. Mentres que a verdadeira saúde é unha cuestión racional, que manexamos a partes iguais coa ansia de supervivencia do noso cerebro reptiliano e o noso pensamento lento, a aparencia de saúde é un tema emocional manexado pola amígdala e o noso sistema límbico e regado pola serotonina. Esta é a palabra chave na sociedade actual, aparentar, e entendo que estou a tirar pedras contra o meu tellado.

As redes infectaron a mocidade co desexo e coa aparencia, só co obxectivo de satisfacer esta sociedade hiperconsumista, de vender. Aparentamos constantemente coa estética do noso sorriso e da nosa cara, da roupa e dos complementos que levamos ou aireando a nosa maravillosa vida nas redes sociais. O aparentar é a santísima trindade da nosa sociedade porque conecta o parecer ser máis novo e máis saudable con ser máis aceptado ou envexado, alcanzando os últimos chanzos desa escaleira da felicidade que é a pirámide de Maslow e que ten na súa cima a autorrealización. Cuestión importante sería coñecer que entende cada individuo, nesta sociedade tan distópica, ao referirse a este termo.

Un punto importante é entender que a actual tecnoloxía nos permite marcarnos obxectivos e aplicar técnicas impensables hai poucos anos e, aínda que en ocasións “a excelencia ou o mellor é inimigo do bo”, os estándares cambiaron e o perseguir a normalidade física transmutouse en ir perseguindo un ideal, ou polo menos achegarse o máis posible a este novo Santo Graal da estética perfecta. Disto deriva unha conclusión lóxica: os pacientes non queren a media, senón a excepcionalidade da perfección mantida

ata o infinito e máis alá. O raro é ter os incisivos inferiores perfectamente aliñados, rectos, non un discreto apiñamento e irregularidade; o anormal, na mediana idade, é ter uns dentes de brancura resplandecente ou sen un indicio de abrasión ou microfracturas. Os pacientes buscan no seu sorriso un rápido reclamo emocional, por iso non nos compran o que necesitan (función mastigatoria), senón o que desexan (aparencia cosmética).

Se en algo coincide hoxe a filosofía é na reflexión sobre esta nova escravitude autoimposta: o aparentar. Pasamos dunha escravitude inflixida polos faraóns, os deuses-rei, a colonización, as ditaduras ou o omnipotente Estado e o seu exclusivo patrimonio da opresión e da violencia, a un novo tipo de escravitude autoinflixida, onde é o individuo o que se marca as metas erróneas e inalcanzables que o acaban escravizando.

Moitos cambiaron o remo da galera, e o monótono retumbar do tambor, que marcaba o ritmo, por un traballo igual de monótono, sen un chisco de creatividade, asalariado do Estado ou por conta allea, que fai que ese individuo sexa totalmente prescindible na época da intelixencia artificial. A maioría corre sen parar cara a ningunha parte, como un pequeno hámster no seu tambor centrífugo, cun penoso presente e abrazando a esperanza dunha futura felicidade que xamais vai chegar. Este novo concepto de escravitude invisible autoimposta é máis sutil que a visión orwelliana do futuro de *1984*, e por iso máis mortífera, polo menos para a alma, porque o *Grande irmán* queda esvaecido e oculto nas redes pola imposición duns anhelos, uns desexos, vehiculizados e retroalimentados polas autofotos. Os mozos, por culpa do teléfono intelixente, están sempre noutro lado. Mesmo conceptos como o de felicidade aprazable, tan de moda hoxe en día, son pezas deste quebracabezas do autoengano e da autoexplotación; o home xa non é un lobo para o home, senón que é un lobo para si mesmo, coa aparencia de pel de cordeiro para os demais. O peso da pedra que Sísifo soportaba con estoica resignación, nun ciclo infernal interminable, parece desaparecer; agora importa máis con que porte e elegancia a leva Sísifo.

Non é de estrañar o último premio Princesa de Asturias a Byung-Chul Han, ou a actualidade das obras de Gilles Lipovetsky, co seu *Imperio do efémero* ou a *Era do baleiro*. O capital ou o Estado opresor, de F. Engels, Michel Foucaut e Roberto Toretto, viuse suplantado pola conciencia individual de millóns de individuos que decidiron subir ao xiratorio carrusel da nova escravitude.

E nós, os dentistas, tamén participamos neste despropósito de infelicidade que é o aparentar e ten no efecto halo e Pigmalión dous dos seus máis coñecidos heurísticos mentais. É obrigatorio que un sorriso perfecto e cegador adorne a cara de todos os mozos nas autofotos, non rir por non querer mostrar o sorriso, nun tempo de branqueamento, ortodoncia, aliñadores e caras; xa non é de recibo nunha sociedade VICA que marca ríxidos e universais canons estéticos para o sorriso.

Moitos mozos van hoxe ao dentista demandando tratamentos estéticos pola presión do seu medio social, o aparentar; ser coñecido ou ser *cool* converteuse nunha silente ditadura detrás da que hai que buscar o incremento das autolesións e dos intentos de suicidio nunhas idades de intensas e ambivalentes emocións relacionadas coa estética corporal e facial; os avós tamén van ao dentista porque xa non queren deixar de sorrir nas autofotos familiares.

Da retrusión victoriana do perfil anteriormente comentado, pasamos a unha auténtica paixón por unha biprotrusión que reflecta mocidade, sensualidade e status. Este novo e universal canon obrigounos a modificar os nosos parámetros e medidas cefalométricas e a revisar o mantemento permanente e sen recidiva dos nosos resultados. Pero nada sae gratis cando antepoñemos a estética á función ou aos criterios de equilibrio biolóxico e é isto, e non a pandemia, o que fai que hoxe leven férulas de descarga millóns de persoas, porque falar neste caso de pacientes teoricamente “apertadores” é referirme á comedia do *Enfermo imaxinario*, de Molière, grazas á popularización dun novo neoloxismo: o bruxismo. Por que millóns de persoas dormen cunha férula de descarga ou aparellos para manter os seus dentes en posición? Eu non o sei. O negocio odontolóxico e as cadeas comerciais de clínicas, como canta Joaquín Sabina, “teñen un problema para cada solución”.³³⁻³⁴

Non quero finalizar sen contar un pequeno segredo, o porqué da miña paixón polo estudo do óso alveolar. Tiven a fortuna e o atrevemento de lle explicar en México a Gabriel García Márquez, na consulta dos López Velarde, a súa aguda observación sobre unha das visitas dos xitanos ao máximo Macondo:

De modo que todo o mundo se foi á carpa, e mediante o pago dun centavo viron un Melquíades xuvenil, repostado, desengurrado, cunha dentadura nova e radiante. Os que lembraban as súas enxivas destruídas polo escorbuto, as súas fazulas flácidas e os seus beizos murchos, estremecéronse de pavor ante aquela proba terminante dos poderes sobrenaturais do xitano. O

pavor converteuse en pánico cando Melquíades sacou os dentes, intactos, engastados nas enxivas, e mostroullos ao público por un instante —un instante fugaz en que volveu ser o mesmo home decrepito dos anos anteriores— e púxoos outra vez e sorriu de novo cun dominio pleno da súa mocidade restaurada.

O importante non eran os dentes, senón a resina que trataba de encher o espazo entre o seu maxilar e a súa mandíbula; en definitiva, unha enorme cantidade de resina que trataba de substituír o óso alveolar e que producía un cambio drástico na súa posición mandibular e no seu perfil desengurrado.

O realismo máxico de García Márquez sitúase nas antípodas da visión que hoxe ten do mundo a xeración Z, un mundo cheo de TikTok e Instagram, de tecnoloxía dixital, de realidade virtual e de intelixencia artificial. No seu magnífico discurso de ingreso, o noso compañeiro Arturo González Quintela comparaba o tempo clínico co tecnolóxico para criticar a presión do tempo sobre o médico e a medicina acelerada; a vertixe, dicía, é en certo xeito o prezo do progreso. Sempre debemos de recorrer aos gregos; temos que darlle preferencia ao *kairos*, o máis pausado tempo clínico, o da escoita e o diálogo co paciente, fronte ao *kronos*, o dos sistemas expertos, os algoritmos e a medicina computarizada. O *kairos*, proseguía Arturo González, representa a necesidade de pausar, de atopar o momento perfecto para a intervención, o diagnóstico ou a escoita; é o tempo da empatía, da intelixencia emocional, da conexión profunda co paciente.

Debemos de aprender a refuxiarnos en libros como *Gabanza da lentitude*, de Lamberto Maffei, que reivindica a inscrición, no Salón dos Cincocentos de Florencia, “festima lente” (‘apresurarvos con lentitude’) debuxada nos frescos de Giorgio Vasari, sobre unha tartaruga que leva sobre a súa coiraza unha enorme vela inchada polo vento. Necesitamos máis tempo ca o paciente real, non o virtual, máis lentitude, máis espazo para observar e pensar. As grandes compañías de aliñadores, que nos acabarán destruíndo, buscan a rapidez do hiperconsumo, a desnaturalización do trato co paciente, a través da consulta virtual, buscan acender os focos do escenario e que se acaben os trucos co óso alveolar e a nosa maxia clínica.

Quero acabar reiterando a miña paixón por unha ortodoncia médica, aquela que vai máis alá da estética e da cosmética, a que lles axudou aos nosos fillos a teren unhas correctas funcións orais; a mastigar con eficiencia e sen dor, molestias ou ruídos articulares; a respirar adecuadamente polo nariz, e a evitar problemas como a roncopatía, a síndrome de resistencia aumentada

da vía aérea superior ou a síndrome de apnea hipoapnea do sono. Unha ortodoncia que é ben comprendida, aceptada e valorada por todos os especialistas médicos do noso hospital universitario, empezando polo Servizo de Cirurxía Maxilofacial, de Otorrinolaringoloxía, de Pneumoloxía e Sono, de Pediatría, de Rehabilitación, e tantos outros. Unha especialidade digna de ser exercida coa ética que me ensinou o meu pai, e a el o seu pai, da que hoxe carecen moitos profesionais; aquela que lles permita aos nenos e aos adultos sorrir abertamente e con confianza e que sexa unha parte crucial no tratamento de todos aqueles pacientes afectados de verdadeiras enfermidades, ou con necesidades especiais, síndromes e malformacións dentofaciais.³⁸

O noso Servizo de Investigación en Ortodoncia da Universidade de Santiago ten un carácter pioneiro no intento de integrar a nosa especialidade na medicina e no sistema público de saúde. Galicia ten unha oportunidade única para responder ao que reza o DOG sobre as novas prestacións odontolóxicas para os pacientes máis desfavorecidos, onde a ortodoncia non se presenta como estética e menos cosmética, senón como unha necesidade de saúde. O noso servizo é un dos poucos, senón o único, que recibe esta denominación en España, e por iso queremos abrillo aos galegos e ás galegas, a esta academia e a todos vostedes desde aquí.

Dixen.

BIBLIOGRAFÍA

1. Suárez Quintanilla D. “¿Debe la industria dental determinar el futuro de la ortodoncia?”. *Intern Dental Tribune. Latin América*. 2020 (7 de setembro). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/debe-la-industria-dental-determinar-elfuturo-de-la-ortodoncia/>.
2. Suárez Quintanilla D. “¿Qué vamos a hacer con los muertos?”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2021 (4 xuño). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/que-vamos-a-hacer-con-los-muertos/>.
3. Suárez Quintanilla D. “Técnicas y tecnologías terapéuticas en ortodoncia”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2024 (16 febreiro). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/filosofia-y-tecnicas-terapeuticas-en-odontologia>.
4. Suárez Quintanilla D. “Ortodoncia para llevar”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2020 (16 novembro). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/ortodoncia-para-llevar/>.

5. Suárez Quintanilla D. “Factores que determinan el éxito clínico en ortodoncia”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2021 (31 agosto). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/el-neuromarketing-como-factor-de-exito-en-la-consulta/>.
6. Suárez Quintanilla D. *Ortodoncia y ortopedia dentofacial con aparatología híbrida*. HAS: Hybrid Appliance System. Valencia. Editorial Lisermed. 2024.
7. Suárez Quintanilla D. “La gran estafa de la ortodoncia holística”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2025 (5 setembre). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/la-gran-estafa-de-la-odontologia-holistica-1/>.
8. J de Pisón. Entrevista ao Prof. David Suárez Quintanilla. “Los beneficios en la salud general de la ortodoncia médica”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2025 (1 abril). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/los-beneficios-en-la-salud-general-de-la-ortodoncia-medica-2/>.
9. Suárez Quintanilla D, P Otero Casal, P Suárez Suquía. “El poder de la odontología para modificar el rostro humano (I)”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2022 (24 marzo). Disponible en D Suárez Quintanilla. “¿Qué vamos a hacer con los muertos?”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2021 (4 xuño). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/el-misterio-del-hueso-alveolar-en-el-desarrollo-facial-1-2>.
10. Suárez Quintanilla D, P Otero Casal, P Suárez Suquía. “El poder de la odontología para modificar el rostro humano (II)”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2022 (31 marzo). Disponible en D Suárez Quintanilla “¿Qué vamos a hacer con los muertos?”, *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2021 (4 xuño). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/el-misterio-del-hueso-alveolar-en-el-desarrollo-facial-2-2/>.
11. Suárez Quintanilla D, P Otero Casal, P Suárez Suquía. “El poder de la odontología para modificar el rostro humano (II)”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2022 (7 abril). Disponible en D Suárez Quintanilla “¿Qué vamos a hacer con los muertos?”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2021 (4 junio). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/el-misterio-del-hueso-alveolar-en-el-desarrollo-facial-3-2/>.
12. Suárez Quintanilla D, P Otero Casal, P Suárez Suquía. “El poder de la odontología para modificar el rostro humano (III)”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2022 (14 abril). Disponible en D Suárez Quintanilla “¿Qué vamos a hacer con los muertos?”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2021 (4 xuño). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/el-misterio-del-hueso-alveolar-en-el-desarrollo-facial-4-2/>.
13. Suárez Quintanilla D, P Otero Casal, P Suárez Suquía. “El poder de la odontología para modificar el rostro humano (IV)”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2022 (21 abril). Disponible en D Suárez Quintanilla, “¿Qué

vamos a hacer con los muertos?”. *Intern Dental Tribune. Latin America*. 2021 (4 junio). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/el-misterio-del-hueso-alveolar-en-el-desarrollo-facial-5-2/>.

14. Suárez Quintanilla D. “El papel del ortodoncista en la patología del sueño (I)”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2020 (4 decembro). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/el-ortodoncista-en-la-medicina-dental-del-sueno-ii/>.

15. Suárez Quintanilla D. “El papel del ortodoncista en la patología del sueño (II)”. *Intern Dental Tribune. Latin America Spain*. 2020 (13 xaneiro). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/cuando-iniciar-el-tratamiento-de-ortodoncia-2/>.

16. Suárez Quintanilla D, en Canut Brusola, José Antonio. *Ortodoncia clínica y terapéutica*. 2.ª ed. [reimp.] Barcelona. Masson, DL 2009.

17. Suárez Quintanilla D. *Ortodoncia: eficiencia clínica & evidencia científica: técnica SWLF*. Volume I. Santiago de Compostela. Ed D Suárez Quintanilla & Serveideas, 2016.

18. WR Proffi, H Fields, B Larson, D M Sarver, *Ortodoncia contemporánea*. 6.ª edición. Barcelona. Elsevier. 2019.

19. Lee W Graber & Katherine W L, Vig, Robert L Vanarsdall, Greg J Huang. *Ortodoncia: principios y técnicas actuales*. Barcelona. Elsevier. 2017.

20. Calvo Henríquez C, Megias Barrera J, Chiesa Estomba C, Lechien JR, Maldonado Alvarado B, Ibrahim B, Suárez Quintanilla D, Kahn S, Capasso R. “The Impact of Maxillary Expansion on Adults’ Nasal Breathing: A Systematic Review and Meta-Analysis”. *Am. J. Rhinol. Allergy* 2021, 35, 923-934.

21. Calvo Henríquez C, Sandoval Pacheco V, Chiesa Estomba C, Lechien JR, Martins Neves S, Esteller More E, Kahn S, Suárez Quintanilla D, Capasso R. “Pediatric maxillary expansion has a positive impact on hearing? A systematic review and meta-analysis”. *Eur Ann Otorhinolaryngol Head Neck Dis*. 2023 Jan;140(1):31-38.

22. Suárez Quintanilla D, P Suárez Suquía. “¿Expansión o extracción en ortodoncia?” (Parte I). *Intern Dental Tribune Latin América*. 2022 (18 febreiro). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/extraccion-o-expansion-en-ortodoncia-1/>.

23. Suárez Quintanilla D, P Suárez Suquía. ¿Expansión o extracción en ortodoncia?” (Parte II). *Intern Dental Tribune Latin América*. 2022 (7 xuño). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/extraccion-o-expansion-en-ortodoncia-2-2/>.

24. Suárez Quintanilla D, P Suárez Suquía. “¿Expansión o extracción en ortodoncia?” (Parte III). *Intern Dental Tribune Latin América*. 2022 (8 xuño).

Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/extraccion-o-expansion-en-ortodoncia-3-2/>.

25. Suárez Quintanilla D, P Suárez Suquía. “¿Expansión o extracción en ortodoncia?” (Parte IV). *Intern Dental Tribune Latin América*. 2022 (9 xuño). Disponible en <https://es.dental-tribune.com/news/extraccion-o-expansion-en-ortodoncia-4-2/>.

26. Suárez Quintanilla D, P Suárez Suquía. “¿Expansión o extracción en ortodoncia?” (Parte V). *Intern Dental Tribune Latin América Spain*. 2022 (18 marzo). Disponible en <https://la.dental-tribune.com/news/extraccion-o-expansion-en-ortodoncia-5/>.

27. Jedliński M, Janiszewska Olszowska J, Mazur M, Grocholewicz K, Suárez Suquía P, Suárez Quintanilla D. “How Does Orthodontic Mini-Implant Thread Minidesign Influence the Stability?”. *Systematic Review with Meta-Analysis. J Clin Med*. 2022 Sep 9;11(18):5304. doi: 10.3390/jcm11185304.PMID: 36142951.

28. Suárez Quintanilla D e colaboradores. *Técnica Hybrid Appliance System (HAS): El indiscutible futuro de la ortodoncia*. *Ortodoncia actual* (órgano oficial de la AMO, Asociación Mexicana de Ortodoncistas). 2025. Xaneiro 83. P. 6-35.

29. Suárez Quintanilla D. “HAS: Hybrid Appliance System: The undisputed future of Orthodontics and Dentofacial Orthopedics”. *Indian Dentist: Research and review*. 2025. Xaneiro-marzo 6-26.

30. Suárez Quintanilla D e colaboradores. “Microimplantes intra y extraalveolares DSQ®: superando las barreras de la ortodoncia convencional (I + D USC-Ziacom)”. *Maxillaris*. 2024. Xuño. 223. P. 2-24

31. Suárez Quintanilla D. “Reflexións filosóficas dun dentista baixo a luz de Mario Bunge”. En: A Muleiro. Mario Bunge: *Xenio e figura*. *Carballiño: Ágora do Orcellón*, núm. 32; 2017. p. 373- 384.

32. Suárez Quintanilla D: *Pienso luego resisto: Ensayos*. *Santiago de Compostela*: Ed. D Suárez Quintanilla, 2021.

33. Suárez Quintanilla D. “Unha hipótese persoal anatomofisiolóxica do enigmático sorriso da Mona Lisa”. 2021. *Ágora do Orcellón*. Libro homenaxe á Dra. Marisa Crespo. Edita Avelino Muleiro García. Instituto de Estudos Carballiñenses. O Carballiño. 2021. 293-304.

34. Suárez Quintanilla D. “Ata os dentistas necesitan da filosofía”. 2021. *Ágora do Orcellón*, núm. 44. Edita Avelino Muleiro García. Instituto de Estudos Carballiñenses. O Carballiño. Decembro. 2025.


35. Suárez Quintanilla D. “Relación estética labio-dental en ortodoncia”. En: JL López Cedrum. *Patología de los labios*. Ed. Ripano. Madrid. 2012. 405-445.

36. Suárez Quintanilla D, “Dr. Rubén Martínez de Pedro y Dra. Jin Jin Xie. Diagnóstico digital simplificado de las clases II mandibulares”. En: *Diagnóstico y plan de tratamiento avanzado en ortodoncia*. Barcelona. 2019. Editorial Athenea.


37. Suárez Quintanilla D. “Pseudociencia del apiñamiento dental”. *Intern Dental Tribune Latin América Spain*. 2025 (6 setembro). Disponível en <https://es.dental-tribune.com/news/pseudociencia-del-apinamiento-dental-2/>.

38. Suárez Quintanilla D. *La ortodoncia y ortopedia dentofacial en el marco de la medicina del siglo XXI*. Ed. Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. A Coruña. 2011. 7-103.


IMÁGENES




Os problemas de ortodoncia non se limitan á mala colocación dos dentes. As maloclusións poden ter a súa orixe nos dentes (complexo dento-alveolar), no esqueleto dos maxilares ou nos músculos e articulacións (ATM). A relación dos primeiros molares e incisivos superiores cos inferiores é un parámetro orientador da severidade da maloclusión e do seu lugar etiolóxico primario.



A nosa área é unha encrucillada médica das vías respiratorias, dixestiva e fonatoria; hai unha relación estreita entre a anatomía dos maxilares, as maloclusións dentais e esqueléticas e as principais funcións orais: mastigación, respiración, deglutición, fala etc. Os músculos faciais xogan un papel capital na etioloxía e no tratamento dos problemas ortodóncicos e constitúen o chamado corredor de Tomes.



O dominio da epixenética é claro no desenvolvemento dentofacial. Cando o músculo e o óso loitan, sempre gaña o primeiro; a función (globo ocular) é a indutora da forma (órbita ósea). Para Melvin Moss, a matriz ou cápsula funcional oronasal (lingua, orbicular dos beizos, bucinadores etc.) é determinante na posición e no desenvolvemento das arcadas dentarias e no crecemento vertical do terzo facial inferior.




O patrón facial é unha combinación de xenética e epixenética. Pódese modificar o crecemento da mandíbula reinserindo ou modificando os potentes músculos mastigatorios. Coñecer o patrón facial e a forma da mandíbula é clave para un correcto tratamento ortopédico. A medición do ángulo goníaco e a relación entre altura facial anterior e posterior é moi importante para coñecer a dirección do crecemento facial. O tratamento dunha mordida aberta anterior, por exemplo, é radicalmente diferente en biotipos faciais extremos.



Hoxe existen infinidade de aparellos e sistemas de ortodoncia de alta calidade; a ortodoncia dixital supuxo un cambio de paradigma tecnolóxico e conceptual. A eficiencia e as preferencias do paciente han de ser os criterios básicos de selección.



Resulta clave coñecer a relación entre a bioloxía do movementario dentario e a biomecánica dos diferentes aparellos.



A ortodoncia dixital permítenos deseñar e seleccionar os ataches máis eficientes biomecanicamente no tratamento con aliñadores invisibles, utilizando a realidade virtual e aumentada.




O MDO (movemento dentario ortodónico) non é o simple e mecánico que parece. Unha forza aplicada sobre o periodonto da raíz dá lugar a unha infinidade de fervenzas inflamatorias, neurolóxicas, inmunohistoquímicas e piezoeléctricas. Hai que ver que medicinas está a tomar o paciente, para non interferir no MDO (antiinflamatorios, aspirina, indometacina etc.). A inflamación aséptica, a síntese de prostaglandinas, a acción dos osteoclastos e a transdución celular son o centro do proceso.




Os nosos novos aparellos funcionais ortopédicos de deseño e impresión dixital 3D. Regulador de función de R Frankel Dixital®.




Kit de microimplantes ortodóncicos de titanio DSQ® (Ziacom Medical Co.), cos seus distintos compoñentes, para acelerar o tratamento e lograr bio-mecánicas efectivas impensables antes do seu desenvolvemento, extraordinariamente efectivas no tratamento de adultos e pacientes con marcado compromiso periodontal. Estamos seguros de que representan o futuro da ortopedia dentofacial en pacientes en crecemento.




Aliaxes de NiTi-Térmico pseudoelástico da nosa técnica HAS (*Hybrid Appliance System*) DSQ Orthodontic System® (*American Orthodontics*).



Na síndrome da apnea-hipoapnea obstrutiva do sono (SAHOS) grave o tratamento combinado de cirurxía maxilofacial e ortodoncia é moi complexo, pero dá excelentes resultados. Diagnóstico completo (CBCT, polisomnografía, fotografía, RM etc.) e plan de tratamento cirúrxico dixital.



No noso Servizo de Investigación en Ortodoncia establecemos diferentes plans de tratamento para unha mesma patoloxía (compresión esquelética maxilar), en función da idade e da gravidade da maloclusión, buscando sempre a máxima eficiencia.




Nos inicios da popularización da ortodoncia clínica (anos corenta) Ch. Tweed recomendaba realizar numerosas extraccións de primeiros premolares, tanto por estabilidade poscorrectiva como pola estética do perfil imperante naquela época. O chamado triángulo de Ch Tweed e o límite anterior da dentición (LAD) certificaban a estética facial ideal da metade do século XX.



A cantidade de protrusión/proinclinación da dentición respecto da cara foi utilizada polo racismo científico para colocar os negros nun lugar evolutivo intermedio entre o branco (co canon do Apolo de Belvedere ou Apolo Pítico) e os primates. Petrus Camper e outros anatomistas estableceron planos faciais para o estudo craneométrico racial.



Hoxe, a ortodoncia dixital, os escáneres intraorais, CBCT e os novos polímeros melloraron a accesibilidade do adulto ao tratamento de ortodoncia, co que se simplificou o deseño e a impresión dos aparellos.




Hai unha relación directa entre a protrusión/proinclinación dos incisivos e a prominencia dos beizos. Hoxe hai paixón estética pola biprotusión: beizos grosos, definidos, dentes grandes, brancos, perfectamente aliñados e algo proinclinados.



A biprotrusión dental e labial é produto dos cambios sociolóxicos da segunda metade do século XX e están directamente relacionados cos costumes privados (feminismo, orientación sexual, tabús, racismo etc.) e o novo papel do sexo e da sedución na sociedade da aparencia, que se ven multiplicadas polas redes sociais e a súa accesibilidade co teléfono intelixente.



O gusto pola biprotrusión e un canon de sorriso universal, que transfire o efecto halo de mocidade, saúde e status, favorece o gasto de millóns de dólares en recheos de ácido hialurónico, maquillaxe, ortodoncia, caras, branqueamentos etc.



Algo fundamental no noso Servizo de Investigación en Ortodoncia é o desenvolvemento de protocolos diagnósticos e terapéuticos. Esquema xeral de cando e por que empezar o tratamento de ortodoncia en cada idade e maloclusión, sempre buscando a máxima eficiencia terapéutica.

X

ORGANIGRAMA DA REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA DE XANEIRO DO 2025 A XANEIRO DE 2026



■ XUNTA DE GOBERNO

Excmo. Sr. D. Francisco MARTELO VILLAR	Presidente
Ilmo. Sr. Carlos ACUÑA CASTROVIEJO	Vicepresidente
Ilmo. Sr. Alberto JUFFÉ STEIN	Secretario xeral
Ilmo. Sr. Jesús PINO MÍNGUEZ	Vicesecretario-contador
Ilma. Sra. Rosa MELJIDE FAÍLDE	Tesoureira
Ilmo. Sr. Luis FERRER I BALSEBRE	Bibliotecario

■ ACADÉMICOS DE HONRA

■ Profesor Dr. César SÁNCHEZ ÁLVAREZ-PEDROSA	1996
--	------

■ ACADÉMICOS EMÉRITOS

■ Ilmo. Sr. D. José MIÑONES TRILLO	2014
■ Ilmo. Sr. D. Miguel GIL DE LA PEÑA	2018
■ Ilmo. Sr. D. Luís CONCHEIRO CARRO	2022
■ Ilmo. Sr. D. Ángel BELMONTE VICENTE	2022
■ Ilmo. Sr. D. Joaquín POTEL LESQUIREUX	2024

■ SECCIÓNS DA ACADEMIA

1- CIENCIAS BÁSICAS

Presidente: Ilmo. Sr. Francisco Javier Jorge Barreiro

Secretario: Ilmo. Sr. José Luis Bello López

Vogais: Ilma. Sra. Alicia Ansede Martínez; Ilmo. Sr. Juan Varela Durán; Ilmo. Sr. Benito Regueiro García; Ilmo. Sr. Carlos Acuña Castroviejo

2- MEDICINA

Presidente: Ilmo. Sr. Federico Martinón Sánchez

Secretario: Ilmo. Sr. Arturo González Quintela

Vogais: Ilmo. Sr. Manuel Noya García; Ilmo. Sr. Jorge Teijeiro Vidal; Ilmo. Sr. Felipe Casanueva Freijo; Ilmo. Sr. Rafael López López; Ilmo. Sr. Francisco Javier de Toro Santos; Ilmo. Sr. Manuel Pereiro Ferreiros; Ilmo. Sr. Juan Enrique Domínguez Muñoz; Ilmo. Sr. Álvaro Ruibal Morell; Ilmo. Sr. José Ramón González Juanatey; Ilmo. Sr. Federico Martinón Torres; Ilmo. Sr. Rosendo Bugarín González; Ilma. Sra. María Teresa Jorge Mora; Ilma. Sra. María del Carmen Montero Martínez; Ilmo. Sr. José Luis Rodríguez Villamil Fernández

3- CIRURXÍA

Presidente: Ilmo. Sr. Torcuato Labella Caballero

Secretario: Ilmo. Sr. Francisco Gómez-Ulla de Irazazábal

Vogais: Excmo. Sr. D. Francisco Martelo Villar; Ilmo. Sr. Alberto Juffé Stein; Ilmo. Sr. Miguel Gelabert González; Ilmo. Sr. Ramiro Varela Cives; Ilmo. Sr. Alejandro Novo Domínguez; Ilmo. Sr. Julián Álvarez Escudero; Ilmo. Sr. Jesús Pino Mínguez; Ilmo. Sr. José Luis García Alcón; Ilmo. Sr. Marcelino González Martín

4- MEDICINA SOCIAL E SAÚDE PÚBLICA

Presidente: Ilmo. Sr. Juan Jesús Gestal Otero

Secretaria: Ilma. Sra. Rosa Meijide Faílde

Vogal: Ilmo. Sr. Pablo Díez Baños

5- MEDICINA LEGAL, HISTORIA DA MEDICINA E TERRITORIAIS

Presidente: Ilmo. Sr. Francisco Vázquez Fernández

Secretario: Ilmo. Sr. Ángel Carracedo Álvarez

Vogais: Ilmo. Sr. Javier Martínez Pérez Mendaña; Ilmo. Sr. Luis Ferrer i Balsebre; Ilmo. Sr. Pedro Gil Gil; Ilmo. Sr. Luis Campos Villarino; Ilmo. Sr. David Suárez Quintanilla; Ilmo. Sr. Fernando J. Ponte Hernando

■ COMISIÓNS DA ACADEMIA

1- PRESUPOSTOS E ASUNTOS ECONÓMICOS

- Excmo. Sr. Presidente
- Ilmo. Sr. Vicepresidente
- Ilmo. Sr. Secretario xeral
- Ilmo. Sr. Vicesecretario-contador
- Ilmo. Sr. Tesoureiro

2- ACTIVIDADES CIENTÍFICAS

- Excmo. Sr. D. Francisco Martelo Villar (presidente)
- Ilmo. Sr. D. Carlos Acuña Castroviejo (vicepresidente)
- Ilmo. Sr. D. Alberto Juffé Stein (secretario xeral)

■ ESCALA DOS ACADÉMICOS NUMERARIOS

Nº.	SRES./SRAS.	CADEIRA	INGRESO
1.	MARTINÓN SÁNCHEZ, Federico	Pediatría	02.07.1982
2.	NOYA GARCÍA, Manuel	Neuroloxía	26.04.1985
3.	JORGE BARREIRO, Fco. Javier	Anatomía Humana	26.10.1994
4.	GESTAL OTERO, Juan Jesús	Medicina Preventiva	02.06.1995
5.	LABELLA CABALLERO, Torcuato	Otorrinolaringoloxía	30.11.1995
6.	ANSEDE MARTÍNEZ, Alicia	Xenética	11.06.1996
7.	TEIJEIRO VIDAL, Jorge	Radioloxía	03.12.1996
8.	VARELA DURÁN, Juan	Anatomía Patolóxica	17.06.1999
9.	REGUEIRO GARCÍA, Benito	Viroloxía	23.02.2001
10.	DÍEZ BAÑOS, Pablo	Ciencias afíns: Veterinaria	22.06.2001
11.	MARTELO VILLAR, Francisco	Cirurgía Plástica, Reparadora e Estética	14.11.2003
12.	ACUÑA CASTROVIEJO, Carlos	Fisioloxía	26.03.2008
13.	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Francisco	Cadeira territorial (Lugo)	11.04.2008
14.	MARTÍNEZ PÉREZ-MENDAÑA, Javier	Cadeira territorial (Ferrol)	14.05.2010
15.	FERRER I BALSEBRE, Luís	Psiquiatría	01.10.2010
16.	GIL GIL, Pedro	Cadeira territorial (Vigo)	11.02.2011
17.	CAMPOS VILLARINO, Luís	Cadeira territorial (Pontevedra)	01.04.2011
18.	SUÁREZ QUINTANILLA, David	Odontostomatoloxía	06.05.2011
19.	JUFFÉ STEIN, Alberto	Cirurgía Cardíaca	04.05.2012
20.	CASANUEVA FREIJO, Felipe	Endocrinoloxía	29.11.2013
21.	GELABERT GONZÁLEZ, Miguel	Neurociruxía	28.02.2014
22.	VARELA CIVES, Ramiro	Cirurgía Infantil	09.05.2014
23.	LÓPEZ LÓPEZ, Rafael	Oncoloxía	19.09.2014
24.	DE TORO SANTOS, Fco. Javier	Reumatoloxía	29.04.2016
25.	NOVO DOMÍNGUEZ, Alejandro	Obstetricia e Xinecoloxía	30.06.2016
26.	PEREIRO FERREIROS, Manuel	Dermatoloxía	28.04.2017
27.	DOMÍNGUEZ MUÑOZ, J. Enrique	Aparato Dixestivo	22.06.2017

Nº.	SRES./SRAS.	CADEIRA	INGRESO
28.	RUIBAL MORELL, Álvaro	Medicina Nuclear e I. molecular	19.01.2018
29.	ÁLVAREZ ESCUDERO, Julián	Anestesioloxía e Reanimación	15.06.2018
30.	PINO MÍNGUEZ, Jesús	Traumatoloxía e Cirurxía Ortopédica	26.04.2019
31.	GARCÍA ALCÓN, José Luís	Medicina Militar	24.05.2019
32.	MEIJIDE FAILDE, Rosa	Hidroloxía Médica	12.07.2019
33.	GONZÁLEZ MARTÍN, Marcelino	Uroloxía	17.06.2022
34.	PONTE HERNANDO, Fernando J.	Historia da Medicina	23.09.2022
35.	GONZÁLEZ JUANATEY, José Ramón	Cardioloxía	18.11.2022
36.	MARTINÓN TORRES, Federico	Pediatría	24.02.2023
37.	CARRACEDO ÁLVAREZ, Ángel	Medicina Legal	31.03.2023
38.	BUGARÍN GONZÁLEZ, Rosendo	Medicina Familiar e Comunitaria	28.04.2023
39.	JORGE MORA, María Teresa	Medicina Física e Rehabilitación	02.06.2023
40.	MONTERO MARTÍNEZ, M ^a del C.	Pneumoloxía	30.06.2023
41.	GÓMEZ-ULLA DE IRAZAZÁBAL, F. J.	Oftalmoloxía	13.12.2024
42.	RODRÍGUEZ-VILLAMIL FDEZ., J. L.	Xeriatría	02.05.2025
43.	GONZÁLEZ QUINTELA, Arturo	Medicina Interna	13.06.2025
44.	BELLO LÓPEZ, José Luís	Hematoloxía e hemoterapia	28.11.2025

■ ACADÉMICOS NUMERARIOS ELECTOS

CAÍNZOS FERNÁNDEZ, Miguel
FREIRE-GARABAL, Manuel Alejandro
MOURELO FARIÑA, Mónica
PÉREZ FONTÁN, Miguel
VIDAL PAN, Carmen

■ ACADÉMICOS CORRESPONDENTES ELECTOS

BAUTISTA CASASNOVAS, Adolfo
GÓMEZ GUTIÉRREZ, Manuel
CONDE GÓMEZ, Diego
MORENO VÁZQUEZ, Juan Manuel
PÉREZ PÉREZ, Dr. Antonio
ABRALDES LÓPEZ-VEIGA, Maximino

■ ACADÉMICOS FALECIDOS

EMÉRITOS

PEÑA GUITIÁN, José. 2 de abril de 2025

DE HONRA

PATARROYO MURILLO, Manuel Elkin. 9 de xaneiro de 2025

CHARRO SALGADO, Aniceto. 26 de setembro de 2025

■ ACADÉMICOS CORRESPONDENTES

BLAS ORBÁN, Carmen. 10 de febreiro de 2025
CARRERO LÓPEZ, Miguel José. 14 de setembro de 2025
IZQUIERDO ROJO, José María. Setembro de 2024
MARTÍNEZ LAGE, José Manuel. 2024
BARREIRO MORANDEIRA, Francisco. 11 de decembro de 2025

■ RELACIÓN DOS ACADÉMICOS CORRESPONDENTES

RESIDENTES EN GALICIA

ÁLVAREZ LORENZO, Carmen Isabel
ÁLVAREZ PERCHOUS, Ángel
ANTELA LÓPEZ, Antonio
ANTELO CORTIZAS, Jesús
ARES PENSADO, Begoña
ARIAS GÓMEZ, Manuel
BARBAGELATA MARTÍNEZ, Alfonso
BARDÁN GARCÍA, Belén
BARGE CABALLERO, Eduardo
BARÓN DUARTE, Francisco
BARROS DIOS, Juan Miguel
BARROS VELÁZQUEZ, Jorge
BELINCHÓN ADALID, Antonio
BLANCO GARCÍA, Francisco J.
BUJÁN GONZALO, Laura
CAIRO ANTELO, José Manuel
CAMACHO GARCÍA, Ángel Tomás
CAMESELLE TEIJEIRO, Jorge Fernando
CAMESELLE TEIJEIRO, José Manuel
CARREIRA VILLAMOR, José Martín
CASTRO GAGO, Manuel
CASTRO IGLESIAS, María de los Ángeles
CASTRO VILAS, Crisanto
COLÓN MEJERAS, Cristóbal
CONCHEIRO GUIÁSÁN, Ana
CONTRERAS MARTINÓN, Francisco
CORDIDO CARBALLIDO, Fernando
CORREA REY, Blanca
CORTIZO TORRES, M.^a Emilia
COUCE PICO, M.^a Luz
COUSELO SÁNCHEZ, José Miguel
CRUCES PRADO, Manuel José
CUDEIRO MAZAIIRA, Javier
CHANTADA ABAL, Venancio
DE JUAN BARQUÍN, Antonio
DIÉGUEZ GONZÁLEZ, Carlos

DOMÍNGUEZ FREIRE, Fernando
DOMÍNGUEZ PUENTE, Fernando
DOSIL GALLARDO, Silvia
DURÁN BARBOSA, Rafael
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Ovidio
FERNÁNDEZ REDONDO, Piedad Virginia
FRAGA BERMÚDEZ, José María
GARCÍA ALLUT, Alfredo Domingo
GARCÍA CABALLERO, Tomás
GARCÍA PALACIOS, María
GOLPE GÓMEZ, Antonio Luis
GONZÁLEZ DARRIBA, M.^a José
GONZÁLEZ REY RODRÍGUEZ, Francisco
IGLESIAS NEGREIRA, José Ignacio
JORGE MORA, Alberto Agustín
LADRA GONZÁLEZ, María Jesús
LAFFON LAGE, Blanca
LEIRA MUIÑO, Rogelio Manuel
LEIS TRABAZO, Rosaura
LEMA BOUZAS, Manuela
LEMA DEVESA, Carmen
LÓPEZ SILVARREY VARELA, Ángel
LOZANO RAMÍREZ, Ascensión
LLANO MONELOS, Pedro de
MACÍA CORTIÑAS, Manuel
MARIÑO COTELO, Alfonso
MARTÍN MARTÍN, Carlos Santiago
MARTINÓN SÁNCHEZ, José María
MATEOS ÁLVAREZ, Raimundo
MAYÁN SANTOS, José Manuel
MILLÁN CALENTI, José Carlos
MOLEDO EIRAS, Enrique Manuel
MUÑÍZ GARCÍA, Javier
PALLAS PALLAS, Estrella
PARDIÑAS AÑON, M.^a del Carmen
PARDO FERNÁNDEZ, Julio
PAZOS SIERRA, Alejandro

PEÑA CASTIÑEIRA, Francisco José
PÉREZ FENTES, Daniel Adolfo
PÉREZ FERNÁNDEZ, Ruth
PÉREZ MUÑUZURI, Alejandro
POMBO ARIAS, Manuel
POSE REINO, Antonio
PRIETO GONZÁLEZ, José M.ª Oscar
PUBUL NÚÑEZ, Virginia
RAMOS BARBOSA, Isabel
RAÑA DÍEZ, Pablo
RAPOSEIRAS ROUBÍN, Sergio
REY DEL CORRAL, Pablo
REYES SANTIAS, Rosa María
ROBLES BAYÓN, Alfredo
RODRÍGUEZ CALVO, María Sol
ROMERO LÓPEZ, Jesús
SAMARTIN UCHA, Marisol
SÁNCHEZ RODRÍGUEZ-LOSADA, Javier
SANTOS DEL RIEGO, Sergio
SANTOS PÉREZ, Sofía María
SEGURA IGLESIAS, Ramón
SOTO VARELA, Andrés
SUÁREZ QUINTANILLA, Juan Antonio
TATO HERRERO, Fernando
USERO OSSET, Ángel
VAAMONDE SÁNCHEZ-ANDRADE, Isabel
VADILLO OLMO, Francisco Javier
VÁZQUEZ GALLEGO, Jesús
VÁZQUEZ MARTULL, Eduardo
VELA ANERO, Ángela
VELA NIETO, Diego
VIDAL PARDO, José Ignacio
VIDAL RÍOS VÁZQUEZ, Pablo Gonzalo
VILARIÑO VILARIÑO, Isabel
ZAMARRÓN SÁNZ, Carlos

RESIDENTES NOUTROS LUGARES DE ESPAÑA

CARBALLIDO RODRÍGUEZ, Joaquín

CARRO SANTOS, Laura
COMELLAS MELERO, Nerea
EIRÓS BOUZA, José María
FERNÁNDEZ COELLO, Alejandro
FERNÁNDEZ TEIJEIRO, Juan José
FERNÁNDEZ-TEIJEIRO ÁLVAREZ, Ana
FLÓREZ LOZANO, José Antonio
GARCÍA BARRENO, Pedro
GARCÍA FERNÁNDEZ, Francisco
GARCÍA OLMO, Damián
GUIOTE LINARES, Manuel
LEYRA FERNÁNDEZ LABANDEIRA, Fernando
MACAYA MIGUEL, Carlos
MARTÍNEZ SANZ, Rafael
MARTINÓN TORRES, María
MEDINA VICO, Pedro
NAVARRO SUAY, Ricardo
ORTEGA MEDINA, Luis
POCH BROTO, Joaquín
QUINTELA FERNÁNDEZ, José Carlos
RUZA TARRÍO, Francisco Javier
RESIDENTES NO ESTRANXEIRO
ÁLVAREZ DÍAZ, Jorge Alberto (MX)
AMBASCH, Germán (AR)
GORODNER, Jorge Osvaldo (AR)
LAGE CAMPELO CALHEIROS, J. Manuel (P)
LEMUS CALDERON, Jorge Daniel (AR)
MASSANO CARDOSO, Salvador (P)
RODRÍGUEZ LORENZO, Andrés (S)
SCHEEL-EXNER BERMÚDEZ, Alexander (S)
SOUSA PINTO, Alexandre (P)

(A): Alemania
(AR): Argentina
(C): Cuba
(F): Francia
(GB): Gran Bretaña
(MX): México
(P): Portugal
(S): Suecia
(U): Uruguay
(USA): Estados Unidos



REAL ACADEMIA
DE MEDICINA DE GALICIA



BAIXO O ALTO PATROCINIO
DA COROA



REAL ACADEMIA TRANSFERIDA Á
XUNTA DE GALICIA
E ADSCRITA Á CONSELLERÍA DE SANIDADE
MEDALLA DE OURO Ó MÉRITO SANITARIO DE GALICIA
MEDALLA DE OURO DA CIDADE DA CORUÑA
MEDALLA DE OURO DE GALICIA